b) Requirir á mercantil ECOASFALT SA para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 11.390,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
11. Resolución da Presidencia de data 05/05/2026 con CSV: IV7R3XYILRR7WWN6RT6FGD27CI, relativa á clasificación dos licitadores presentados e admitidos e acordando o requirimento á empresa clasificada en primeiro lugar: ECOASFALT SA, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 32/176 |

12. Notificación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público á indicada mercantil, o día 06/05/2026, rematando o prazo de presentación o día 20/05/2026.
13. ECOASFALT SA, presentou a documentación requirida o 19/05/2026 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, ós efectos da valoración da documentación establecida no artigo 150 da LCSP en relación coa cláusula 17 do PCAP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa ECOASFALT SA presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, ACORDA PROPOÑER que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1. Adxudicar á empresa ECOASFALT SA con C.I.F. A-81055279 a contratación da obra denominada FRIOL – BEGONTE.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-2106 "Friol (LU-934) – Cimadevila – Lousado (LU-P-2303)" p.k. 0+685 a 10+937. (2026/CON_02/000023) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/03/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 275.638,00 €, dos cales 47.838,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra, consistentes en 1.000 metros de aumento de superficie de triple rega superficial, coas características definidas no PCAP.
c. Aumento do prezo de garantía de 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Prazo de execución: 4 meses.
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o aumento do prazo de garantía e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.
2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 33/176 |

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Adxudicar á empresa ECOASFALT SA con C.I.F. A-81055279 a contratación da obra denominada FRIOL – BEGONTE.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-2106 "Friol (LU-934) – Cimadevila – Lousado (LU-P-2303)" p.k. 0+685 a 10+937. (2026/CON_02/000023) de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 27/03/2026 nos termos seguintes:
a. Prezo de 275.638,00 €, dos cales 47.838,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Melloras de obra, consistentes en 1.000 metros de aumento de superficie de triple rega superficial, coas características definidas no PCAP.
c. Aumento do prezo de garantía de 3 anos por enriba do obrigatorio.
d. Prazo de execución: 4 meses.
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o aumento do prazo de garantía e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 34/176 |

**8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.**

***Proposta de aprobación, se procede, en relacion co escrito da alcaldía do Concello de Monterroso, solicitando modificación / substitución de investimentos incluídos no plan deputación 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de MONTERROSO no que solicita a modificación / substitución de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| MONTERROSO | 153 | MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A IGREXA DE VILOÍDE | -- | 35.752,38€ | 35.752,38€ |

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de MONTERROSO a través de escrito con RE nº 2026RPE007953 de data 12/05/2026 solicita:
a) A modificación / substitución do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025, concretamente o investimento nº 153, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica ".... precisa autorización sectorial a cal require unhas actuacións que imposibilitan a realización de dita actuación", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| MONTERROSO | 153 | MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A ANSAR | -- | 35.752,38€ | 35.752,38€ |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 35/176 |

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de MONTERROSO que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 36/176 |

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de MONTERROSO, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| MONTERROSO | 153 | MELLORA DE CAMIÑO DE ACCESO A ANSAR | -- | 35.752,38€ | 35.752,38€ |

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.**

***1º.- MURAS.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello indicado e aceptar o reformado de proxecto investimentos incluídos no Plan Deputación 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de MURAS no que solicita o reformado de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA | ACHEGA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 37/176 |

| | | | CONCELLO | DEPUTACIÓN | |
|---|---|---|---|---|---|
| MURAS | 146 | MELLORA DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS EN CASTIÑEIRAS, ALTO DA ARMADA, OS CARBALLAS, A PALEIRA, BOCA DA GRANDE, AS BOUZAS E INSTALACIÓNS DE 7 PASOS CANADENSES, INCLUÍDO HONORARIOS | 14.673,10€ | 187.250,53€ | 201.923,63€ |

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de MURAS solicita o reformado de proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 146, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica "…. a cecesidade de proceder ao cambio de ubicación dun dos pasos canadenses previsto, ..., non varian orzamentos, prazos, ou unidades, unicamente a ubicación xeográfica dun dos pasos..." polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| MURAS | 146 | MODIFICADO MELLORA DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS EN CASTIÑEIRAS, ALTO DA ARMADA, OS CARBALLAS, A PALEIRA, BOCA DA GRANDE, AS BOUZAS E INSTALACIÓNS DE 7 PASOS CANADENSES, INCLUÍDO HONORARIOS | 14.673,10€ | 187.250,53€ | 201.923,63€ |

6. A base 14, indica que "Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2026, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.
No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 38/176 |

concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de MURAS que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de MURAS, e en consecuencia, aprobar a reformado de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| MURAS | 146 | MODIFICADO MELLORA DE VARIOS TREITOS DE ESTRADAS EN CASTIÑEIRAS, ALTO DA ARMADA, OS CARBALLAS, A PALEIRA, BOCA DA GRANDE, AS BOUZAS E INSTALACIÓNS DE 7 PASOS CANADENSES, INCLUÍDO HONORARIOS | 14.673,10€ | 187.250,53€ | 201.923,63€ |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- PANTÓN.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello indicado e aceptar o reformado de proxecto investimentos incluídos no Plan Deputación 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 39/176 |

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de PANTÓN no que solicita a reformado de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2026, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30/12/2025 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2026. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2026.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2026 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 31/03/2026, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| PANTÓN | 180 | MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN FERREIRA, INCLUÍDO HONORARIOS | -- | 51.653,77€ | 51.653,77€ |

4. O concello indicado NON achegou os correspondentes anexos III ou IV.
5. A Alcaldía do Concello de PANTÓN a través de escrito con RE nº 2026RPE008065 de data 13/05/2026 solicita:
a) O reformado do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2026, concretamente o investimento nº 180, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica “.... incrementos elevados de precios...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| PANTÓN | 180 | MODIFICADO MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN FERREIRA, INCLUÍDO HONORARIOS | -- | 51.653,77€ | 51.653,77€ |

6. A base 14, indica que “Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificados, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.
Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2026, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 40/176 |

No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes".
7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.
8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2026, é a Xunta de Goberno.
Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de PANTÓN que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2026.
E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de PANTÓN, e en consecuencia, aprobar a reformado do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2026 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| PANTÓN | 180 | MODIFICADO MELLORA DE PAVIMENTACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS EN FERREIRA, INCLUÍDO HONORARIOS | -- | 51.653,77€ | 51.653,77€ |




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 41/176 |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

***1º.- Aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Investimentos de mellora de servizos básicos e infraestruturas municipais " no Concello de Láncara, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS" NO CONCELLO DE LÁNCARA, ANO 2025.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/007723) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, aprobar a seguinte proposta:

"PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS " NO CONCELLO DE LÁNCARA, ANO 2025 por importe total de 287.186,29 € (dos que 250.000,00 € serán financiados pola




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 42/176 |

Deputación de Lugo e 37.186,29 € serán financiados polo concello de Láncara) cuxo contido é o seguinte: (...)

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara formalizouse o 19 de setembro de 2025.

TERCEIRO: O alcalde do concello de Láncara remitiu, o 13 de abril de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
" (...)
O convenio inclúe, entre outras, a actuación nº de orde 7 para a Rexeneración de pavimento en aglomerado e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos, por importe de 45.095,30 €, coa seguinte desagregación (...).
Debido a dificultades técnicas de executar a intervención en aglomerado en Outeiro, a licitación quedou deserta por falta de licitadores.
Por este motivo, e seguindo criterio técnico, decidimos a execución da Rexeneración do pavimento variando o material de firme e realizalo en formigón.
En consecuencia proponse a modificación da actuación nº7 e substituír a actuación "Rexeneración de pavimento en aglomerado e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos" pola actuación "Rexeneración de pavimento en formigón e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos", sen variación de importe (...)".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 43/176 |

vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Láncara nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar a addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS" NO CONCELLO DE LÁNCARA, ANO 2025 cuxo contido é o seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS " NO CONCELLO DE LÁNCARA, ANO 2025
[APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA................ DE .............. DE 2026]
(asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 44/176 |

E doutra don Dario Antonio Piñeiro López, alcalde do concello de Láncara, con N.I.F P2702600D e sede social na rúa Rosalía de Castro, 17, CP 27360, Láncara, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda ao convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“PRIMEIRO .Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE LÁNCARA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS ” NO CONCELLO DE LÁNCARA, ANO 2025 por importe total de 287.186,29 € (dos que 250.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 37.186,29 € serán financiados polo concello de Láncara) cuxo contido é o seguinte: (...)

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

SEGUNDO: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara formalizouse o 19 de setembro de 2025.

TERCEIRO: O alcalde do concello de Láncara remitiu, o 13 de abril de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
“ (...)
O convenio inclúe, entre outras, a actuación nº de orde 7 para a Rexeneración de pavimento en aglomerado e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos, por importe de 45.095,30 €, coa seguinte desagregación (...).
Debido a dificultades técnicas de executar a intervención en aglomerado en Outeiro, a licitación quedou deserta por falta de licitadores.
Por este motivo, e seguindo criterio técnico, decidimos a execución da Rexeneración do pavimento variando o material de firme e realizalo en formigón.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 45/176 |

En consecuencia proponse a modificación da actuación nº7 e substituír a actuación "Rexeneración de pavimento en aglomerado e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos" pola actuación "Rexeneración de pavimento en formigón e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos", sen variación de importe (...)".

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula primeira do convenio que quedará redactada no seguinte senso:
- Cláusula PRIMEIRA.- Obxecto
"Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación<br>INVESTIMENTOS DE MELLORA DE SERVIZOS BÁSICOS E INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS | CUSTE |
|---|---|
| 1.Reparación e ampliación de alumeados públicos rurais nos Lugares de A Reboleira (Casa Xesta), Río Tourelle(Casa Yolanda), Río (Casa Broco) e Cedrón Saa (A Cantina) e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 21.775,01 € |
| 2. Reparación e ampliación de alumeados públicos rurais nos Lugares de Río–San Martino (Colexio Elvira López Mourín e Casa frente o Agro), Seoane (Casa Fermín), Asfarrapa (Lavadeiro), e Pineiroa (Casa Alfonso) e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 16.344,77 € |
| 3. Reparación e ampliación de alumeados públicos rurais nos Lugares de A Pobra (Mural Vivendas Sociais –Casa Luis da Rana e San Xulia n en Barrio de Labregos), Ronfe (Acceso a Canteira), Láncara-Roxedoiro (Casa Sergio), Toirán (Casa Rectoral), Vilaleo de Arriba (Casa Pilar) e Casanova e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 42.861,21 € |
| 4. Mellora das estradas de Láncara das estradas de Láncara, acceso a Rebordelo, San Paio e Tourelle e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 46.201,82 € |
| 5. Rexeneración de pavimento en aglomerado en Castelo- Láncara (Lugo) e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 77.166,31 € |
| 6. Rexeneración de pavimento en aglomerado e execución de muro de contención en Pedreira Láncara (Lugo) e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 37.741,87 € |
| 7. Rexeneración de pavimento en formigón e execución de praza en Outeiro Láncara (Lugo) e honorarios facultativos (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 45.095,30 € |
| CUSTE TOTAL | 287.186,29 € |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 46/176 |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 250.000,00 € | 37.186,29 € |
| TOTAL: 287.186,29 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida".

SEGUNDA. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito, con data 19 de setembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***2º.- Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora na nave municipal do recinto feiral ponte de cuñas" no Concello de Lourenzá, ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 62/176 |

Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

SEGUNDO A aprobación do gasto, por importe de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 63/176 |

***3º.- Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de Burela para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mantemento, conservación, reparación e obras de accesibilidade nas gradarías do campo de fútbol da Marosa" ano 2026.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E OBRAS DE ACCESIBILIDADE NAS GRADARÍAS DO CAMPO DE FÚTBOL DA MAROSA" ANOS 2026E 2027

Visto o escrito remitido dende o concello de Burela (EXP. 2026/XEN_01/002002) no que se solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das seguintes actuacións:

Ano 2026.
1. Grada Sur. Obra de "Conservación e mantemento na gradaría sur do campo de fútbol da Marosa.
2. Grada Norte: Servizo. Informe estado actual e deseño de adopción de medidas provisionais para adoptar medidas de protección colectivas, incluso uso de vestiarios.
3. Grada Norte: Servizo. Redacción de documentación Técnica para descrición de obras.
4. Grada Norte. Obras. Demolición de cuberta e adopción de medidas colectivas de protección de usuarios e terceiros para uso provisional de vestiarios (redes, varandas, reforzos....)
5. Grada Norte. Obra. "consolidación da estrutura da gradaría Norte e renovación do muro de peche".

Ano 2027
1. Reconstrución de cuberta
2. Reparación de asentos e varandas
3. Construción de novos vestiarios

por importe total de 624.157,55 (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe FAVORABLE en base ás seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 64/176 |

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...)"
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 65/176 |

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 66/176 |

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
-Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
-A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
-O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
-Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
-Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
-Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
-Réxime de modificación do convenio.
-Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 67/176 |

1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

SEGUNDA. O Municipio de Burela, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026.

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 68/176 |

QUINTA.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención co seguinte distribución
Orzamento do ano 2026: 249.057,55 €
- 9420.76200: 216.963,51 €
- 9420.46200: 32.094,04 €
Adquirir o compromiso de incluír no orzamento do ano 2027 o importe de 375.100,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2027, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E OBRAS DE ACCESIBILIDADE NAS GRADARÍAS DO CAMPO DE FÚTBOL DA MAROSA" ANOS 2026 E 2027 por importe total de 624.157,55 € cuxo contido é o seguinte:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BURELA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E OBRAS DE ACCESIBILIDADE NAS GRADARÍAS DO CAMPO DE FÚTBOL DA MAROSA" ANOS 2026 E 2027.
[APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA .......... DE ...................... DE 202..]
(asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

INTERVEÑEN




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 69/176 |

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Don Maria del Carmen López Moreno, como Alcaldesa do concello de Burela, con N.I.F P2706800F e sede social na Calle Eijo Garay, 20, CP 27880, Burela, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 70/176 |

supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTO: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

QUINTO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 71/176 |

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 72/176 |

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

OITAVO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

NOVENO.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 73/176 |

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.
Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Burela en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detalla a continuación:

| Actuación<br>"MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E OBRAS DE ACCESIBILIDADE NAS GRADARÍAS DO CAMPO DE FÚTBOL DA MAROSA" | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| Ano 2026.<br>1. Grada Sur. Obra de "Conservación e mantemento na gradaría sur do campo de fútbol da Marosa: 47.563,51 €<br>2. Grada Norte: Servizo. Informe estado actual e deseño de adopción de medidas provisionais para adoptar medidas de protección colectivas, incluso uso de vestiarios: 14.065,04 €<br>3. Grada Norte: Servizo. Redacción de documentación Técnica para descrición de obras: 18.029,00 €<br>4. Grada Norte. Obras. Demolición de cuberta e adopción de medidas colectivas de protección de usuarios e terceiros para uso provisional de vestiarios (redes, varandas, reforzos....): 48.400,00 €<br>5. Grada Norte. Obra. "consolidación da estrutura da gradaría Norte e renovación do muro de peche". 121.000,00 € | 249.057,55 € |
| Ano 2027<br>1. Reconstrución de cuberta:<br>2. Reparación de asentos e varandas<br>3. Construción de novos vestiarios | 375.100,00 € |
| CUSTE TOTAL | 624.157,55 € |

No suposto de que se produzan alteracións nos gastos das actuacións 1, 4 e 5 da anualidade do 2026 poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.
No suposto de que se produzan alteracións nos gastos das actuacións 2 e 3 da anualidade do 2026 poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.
No suposto de que se produzan alteracións nos gastos das actuacións da anualidade do 2027 poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 74/176 |

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| ANO 2026: 249.057,55 €<br>ANO 2027: 375.100,00 € | ANO 2026: 0,00 €<br>ANO 2027: 0,00 € |
| TOTAL: 624.157,55 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o concello de Burela.
TERCEIRA.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese mellorar infraestruturas de titularidade muncipal.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida pola Deputación ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final e/ou para financiar os modificados.
4.2. O concello de Burela:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o concello de Burela, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5.O prazo de execución das actuacións 1, 4 e 5 incluídas dentro da anualidade do 2026 abarca dende o 1 de xaneiro 2026 ata o 30 de setembro de 2027.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 75/176 |

6. O prazo de execución das actuacións 2 e 3 incluídas dentro da anualidade do 2026 abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.
7. O prazo de execución das actuacións incluídas dentro da anualidade do 2027 abarca dende o 1 de xaneiro 2027 ata o 30 de setembro de 2028.
8.Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
9. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
10. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
11. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
12. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
13. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
14. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
15. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras e contratos patrimoniais)

QUINTA.- Réxime económico.
A)ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 249.057,55 € (216.963,51 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 para financiar as actuacións 1, 4 e 5 da anualidade do 2026 e 32.094,04 € na aplicación orzamentaria 9420.46200 para financiar as actuacións 2 e 3 da anualidade do 2026) con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos da anualidade do 2026 que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
A Deputación adquire o compromiso de incluír na aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento do ano 2027 o importe de 375.100,00 € para sufragar os gastos das actuacións da anualidade do 2027 que se deriven da execución do obxecto deste convenio tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
2.-Achega do Concello:
O concello de Burela financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
B)TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
C)XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Burela se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro das actuacións 2 e 3 da anualidade do 2026 abarca ata o 31 de marzo de 2027 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 76/176 |

Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Burela se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca:
- ata o 31 de outubro de 2027 para a xustificación dos gastos das actuacións 1,4 e 5 da anualidade do 2026 deste convenio.
- ata o 31 de outubro de 2028 para a xustificación dos gastos das actuacións incluídas dentro da anualidade do 2027 deste convenio.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Certificación da resolución ou acordo de adxudicación das obras expedida polo Secretario/Interventor do Concello co visto e prace do/a alcalde/sa.
- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
-Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 77/176 |

1. Que o concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e contratos patrimoniais e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

SEXTA.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe de cada anualidade, é dicir, anticipar 199.246,04 € para a anualidade do 2026 e anticipar 300.080,00 €para a anualidade do 2027
Non procederá o aboamento do anticipo da anualidade do ano 2027 en tanto non estea aprobada a conta xustificativa da anualidade do 2026.
Neste caso, a representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Certificación da resolución ou acordo de adxudicación das obras expedida polo Secretario/Interventor do Concello co visto e prace da alcaldesa.
3. Declaración responsable na que conste:
- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
4. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 78/176 |

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade do 2027 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo de 2029 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2028, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Así mesmo, a conta xustificativa da anualidade do 2026 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2027 e pagada na data límite do 31 de marzo de 2028.

OITAVA.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 79/176 |

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a)Velar polo cumprimento deste convenio.
b)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 80/176 |

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 81/176 |

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio .

**2º.-** Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 624.157,55 € para financiar os gastos que se deriven da execución deste convenio, dos que 249.057,55 € serán con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 (216.963,51 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 para financiar as actuacións 1, 4 e 5 da anualidade do 2026 e 32.094,04 € na aplicación orzamentaria 9420.46200 para financiar as actuacións 2 e 3 da anualidade do 2026) con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos da anualidade do 2026 que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

**3º.-** A Deputación adquire o compromiso de incluír na aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento do ano 2027 o importe de 375.100,00 € para sufragar os gastos das actuacións da anualidade do 2027 que se deriven da execución do obxecto deste convenio tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***4º.- Aprobación, se procede, da addenda ao convenio canalizador da subvención excepcional outorgada pola Deputación provincial de Lugo á entidade asociación veciñal o Cruceiro de San Pedro de Seixas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro" na anualidade 2025, (aprobado por resolución de presidencia de data 22 de decembro 2025).***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

MODIFICACIÓN DO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "ADQUISICIÓN E ADECENTAMENTO DE ESPAZOS NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN ISIDRO" NA ANUALIDADE 2025, (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 22 DE DECEMBRO 2025).




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 82/176 |

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/010989) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Por resolución presidencial, de data 22 de decembro de 2025, aprobouse a seguinte proposta:
"PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 9.737,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS para sufragar os gastos derivados da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro", na anualidade 2025, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2025), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.
SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 9.737,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, para sufragar os gastos derivados da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro", na anualidade 2025.
TERCEIRO: Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS) aprobado por resolución presidencial de data 31 de xaneiro de 2025, cuxo contido é o seguinte: (...) "

SEGUNDO: O citado convenio formalizouse o 26 de decembro de 2025.

TERCEIRO: A representante da ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS remitiu, o 24 de maio de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"(...)
I.- Que a Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas é beneficiaria da subvención excepcional 117-2025, canalizada mediante o "Convenio canalizador da subvención excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro" na anualidade 2025".
II.- Que a finalidade esencial da actuación subvencionada consistía na adquisición e adecuación de espazos destinados ao desenvolvemento de actividades culturais,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 83/176 |

sociais, festivas e comunitarias promovidas pola Asociación, contribuíndo á dinamización social, á mellora das infraestruturas comunitarias e á conservación e posta en valor do patrimonio e do tecido asociativo rural.
III.- Que a Asociación continúa desenvolvendo unha intensa actividade cultural, social e comunitaria na parroquia de San Pedro de Seixas, organizando ao longo do ano múltiples eventos e actividades de carácter festivo, relixioso, cultural e veciñal, cunha participación crecente tanto da veciñanza como de persoas visitantes.
IV.- Que, como continuidade e complemento da actuación inicialmente subvencionada, xurdiu a oportunidade de adquirir unha nova parcela situada na contorna da Igrexa de Seixas, concretamente a parcela nº 253 do polígono 49, co obxecto de ampliar os espazos dispoñibles para o desenvolvemento destas actividades e mellorar a funcionalidade da contorna.
V.- Que a adquisición desta parcela responde á mesma finalidade pública, social e comunitaria prevista no convenio actualmente vixente, perseguindo:
• Dotar de maior espazo a contorna da Igrexa de Seixas para a celebración de eventos culturais, sociais, festivos e comunitarios organizados pola Asociación.
• Mellorar a accesibilidade, mobilidade e seguridade durante a celebración das actividades.
• Dispoñer dun espazo complementario e permanente que permita compatibilizar os distintos usos necesarios durante os eventos.
• Dar resposta ao incremento progresivo da participación veciñal e da afluencia de visitantes.
• Continuar coa labor de dinamización social, conservación das tradicións e posta en valor do patrimonio e do medio rural que vén desenvolvendo a Asociación desde hai máis de 25 anos.
VI.- Que a única diferenza respecto da actuación inicialmente subvencionada radica na localización concreta do espazo a adquirir, mantendo en todo caso idéntica finalidade, interese público e destino comunitario, ao tratarse igualmente dunha actuación destinada á mellora e ampliación de espazos comunitarios vinculados á celebración de actividades culturais e sociais promovidas pola Asociación.
VII.- Que a Asociación carece de medios económicos suficientes para afrontar esta actuación con fondos propios, resultando imprescindible a colaboración económica da Deputación Provincial de Lugo para poder materializar a adquisición do citado terreo.
VIII.- Que a cláusula décimo quinta do convenio prevé expresamente a posibilidade da súa modificación mediante addenda, sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio permaneza vixente.
IX.- Que, debido á necesidade de tramitación da adquisición desta nova parcela, formalización documental e execución das actuacións vinculadas á mesma, resulta necesario ampliar os prazos inicialmente previstos no convenio, sen que isto altere a finalidade esencial da subvención, mantendo a execución total na presente anualidade.
X.- Que a cláusula sétima do convenio prevé expresamente a posibilidade de ampliación dos prazos de execución e xustificación mediante a correspondente modificación do convenio.
Por todo o exposto,




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 84/176 |

SOLICITA

Primeiro.- Que se admita a presente solicitude e, previos os trámites oportunos, se acorde a ampliación do convenio actualmente vixente mediante a correspondente addenda, co fin de incorporar á actuación subvencionada a adquisición da parcela nº 253 do polígono 49, situada na contorna da Igrexa de Seixas, por responder á mesma finalidade pública, social e comunitaria que motivou a concesión inicial da subvención.
Tendo en conta que, segundo consta na memoria xustificativa da actuación, que se acompaña a esta solicitude, o orzamento total da adquisición desta nova parcela ascende a 9.896,07 euros, solicítase a ampliación da subvención outorgada, nun importe de 9.401,27 euros, financiando a Asociación o 5% do custo desta nova adquisición, cun importe de 494,80 euros.

Segundo.- Que se acorde a ampliación do prazo de execución da actuación subvencionada ata o día 31 de outubro de 2026.
Terceiro.- Que se acorde igualmente a ampliación do prazo de xustificación da subvención ata o día 30 de novembro de 2026.
Cuarto.- Que se conceda anticipo do 50% da cantidade solicitada, co fin de poder facer fronte á adquisición, tendo en conta o importe ao que ascende a inversión e as dificultades económicas da Asociación.
(...)"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.
"A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente".
- Na cláusula Décimo quinta.- Modificación do convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 85/176 |

“O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

SEGUNDA: O artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece que os órganos competentes para a concesión de subvencións serán son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento xeral.
E na base 24.4 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 disponse o seguinte:
“(...)
Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. (…)”

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:
- o convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
- media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
- que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros
- e que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se aprobe:

1º. O gasto por importe de 9.401,27€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, para sufragar os gastos derivados da actuación “Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro”.

2º A modificación solicitada pola representante da ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar o gasto por importe de 9.401,27€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, para sufragar os gastos derivados da actuación “Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro”.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 86/176 |

**2º.-** Aprobar a modificación do convenio CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "ADQUISICIÓN E ADECENTAMENTO DE ESPAZOS NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN ISIDRO" NA ANUALIDADE 2025, (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 22 DE DECEMBRO DE 2025) cuxa addenda quedaría redactada no seguinte senso:

ADDENDA AO CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "ADQUISICIÓN E ADECENTAMENTO DE ESPAZOS NA CONTORNA DA CAPELA DE SAN ISIDRO" NA ANUALIDADE 2025, (APROBADA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA ....... DE ……….. ………………..)
(asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente en funcións da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, dona María Luz Balsa Rábade, na súa condición de Presidenta, actúa en nome e representación da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, en adiante beneficiaria, con NIF G27247493 e con sede social en Lg - Casa Escuela de Seixas, 27375 - Cospeito (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.
Ambas partes:

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Por resolución presidencial, de data 22 de decembro de 2025, aprobouse a seguinte proposta:
"PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 9.737,00€, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 87/176 |

SAN PEDRO DE SEIXAS para sufragar os gastos derivados da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro", na anualidade 2025, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2025), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.
SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 9.737,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor da entidade ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS, para sufragar os gastos derivados da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro", na anualidade 2025.
TERCEIRO: Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 31.1 da OXS) aprobado por resolución presidencial de data 31 de xaneiro de 2025, cuxo contido é o seguinte: (...) "

SEGUNDO: O citado convenio formalizouse o 26 de decembro de 2025.

TERCEIRO: A representante da ASOCIACIÓN VECIÑAL O CRUCEIRO DE SAN PEDRO DE SEIXAS remitiu, o 24 de maio de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"(...)
I.- Que a Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas é beneficiaria da subvención excepcional 117-2025, canalizada mediante o "Convenio canalizador da subvención excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal O Cruceiro de San Pedro de Seixas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro" na anualidade 2025".
II.- Que a finalidade esencial da actuación subvencionada consistía na adquisición e adecuación de espazos destinados ao desenvolvemento de actividades culturais, sociais, festivas e comunitarias promovidas pola Asociación, contribuíndo á dinamización social, á mellora das infraestruturas comunitarias e á conservación e posta en valor do patrimonio e do tecido asociativo rural.
III.- Que a Asociación continúa desenvolvendo unha intensa actividade cultural, social e comunitaria na parroquia de San Pedro de Seixas, organizando ao longo do ano múltiples eventos e actividades de carácter festivo, relixioso, cultural e veciñal, cunha participación crecente tanto da veciñanza como de persoas visitantes.
IV.- Que, como continuidade e complemento da actuación inicialmente subvencionada, xurdiu a oportunidade de adquirir unha nova parcela situada na contorna da Igrexa de Seixas, concretamente a parcela nº 253 do polígono 49, co obxecto de ampliar os espazos dispoñibles para o desenvolvemento destas actividades e mellorar a funcionalidade da contorna.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 88/176 |

V.- Que a adquisición desta parcela responde á mesma finalidade pública, social e comunitaria prevista no convenio actualmente vixente, perseguindo:

• Dotar de maior espazo a contorna da Igrexa de Seixas para a celebración de eventos culturais, sociais, festivos e comunitarios organizados pola Asociación.

• Mellorar a accesibilidade, mobilidade e seguridade durante a celebración das actividades.

• Dispoñer dun espazo complementario e permanente que permita compatibilizar os distintos usos necesarios durante os eventos.

• Dar resposta ao incremento progresivo da participación veciñal e da afluencia de visitantes.

• Continuar coa labor de dinamización social, conservación das tradicións e posta en valor do patrimonio e do medio rural que vén desenvolvendo a Asociación desde hai máis de 25 anos.

VI.- Que a única diferenza respecto da actuación inicialmente subvencionada radica na localización concreta do espazo a adquirir, mantendo en todo caso idéntica finalidade, interese público e destino comunitario, ao tratarse igualmente dunha actuación destinada á mellora e ampliación de espazos comunitarios vinculados á celebración de actividades culturais e sociais promovidas pola Asociación.

VII.- Que a Asociación carece de medios económicos suficientes para afrontar esta actuación con fondos propios, resultando imprescindible a colaboración económica da Deputación Provincial de Lugo para poder materializar a adquisición do citado terreo.

VIII.- Que a cláusula décimo quinta do convenio prevé expresamente a posibilidade da súa modificación mediante addenda, sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio permaneza vixente.

IX.- Que, debido á necesidade de tramitación da adquisición desta nova parcela, formalización documental e execución das actuacións vinculadas á mesma, resulta necesario ampliar os prazos inicialmente previstos no convenio, sen que isto altere a finalidade esencial da subvención, mantendo a execución total na presente anualidade.

X.- Que a cláusula sétima do convenio prevé expresamente a posibilidade de ampliación dos prazos de execución e xustificación mediante a correspondente modificación do convenio.

Por todo o exposto,

SOLICITA

Primeiro.- Que se admita a presente solicitude e, previos os trámites oportunos, se acorde a ampliación do convenio actualmente vixente mediante a correspondente addenda, co fin de incorporar á actuación subvencionada a adquisición da parcela nº 253 do polígono 49, situada na contorna da Igrexa de Seixas, por responder á mesma




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 89/176 |

finalidade pública, social e comunitaria que motivou a concesión inicial da subvención.
Tendo en conta que, segundo consta na memoria xustificativa da actuación, que se acompaña a esta solicitude, o orzamento total da adquisición desta nova parcela ascende a 9.896,07 euros, solicítase a ampliación da subvención outorgada, nun importe de 9.401,27 euros, financiando a Asociación o 5% do custo desta nova adquisición, cun importe de 494,80 euros.

Segundo.- Que se acorde a ampliación do prazo de execución da actuación subvencionada ata o día 31 de outubro de 2026.

Terceiro.- Que se acorde igualmente a ampliación do prazo de xustificación da subvención ata o día 30 de novembro de 2026.

Cuarto.- Que se conceda anticipo do 50% da cantidade solicitada, co fin de poder facer fronte áadquisición, tendo en conta o importe ao que ascende a inversión e as dificultades económicas da Asociación.(...)"
Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, esta addenda ao convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula primeira, segunda, terceira e sétima e a cláusula adicional primeira do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Adquisición e adecentamento de espazos na contorna da Capela de San Isidro", na anualidade 2025. Esta actuación consiste na adquisición e posterior adecentamento, das parcelas identificadas coas referencias catastrais 27015A049000610000SX, 27015A049000600000SD e 27015A049002530000SI, no concello de Cospeito (Lugo), para o desenvolvemento de eventos por parte da entidade beneficiaria, de acordo coa memoria valorada que consta no expediente. Inclúense os gastos de adquisición das parcelas, obras de adecentamento, honorarios técnicos de tasación das parcelas, honorarios técnicos de redacción de memoria valorada, e os de notaría.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 20.146,07€.
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 90/176 |

Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 19.138,27 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.
Da Beneficiaria:
- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 91/176 |

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 30 de novembro de 2026.
Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).
De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.
DÉCIMA.- Comisión de Seguimento
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a)Velar polo cumprimento deste convenio.
b)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 106/176 |

c)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 107/176 |

Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.
Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

**2º.-** Aprobar o gasto, por importe de 28.820,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, a favor do Concello de Muras, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 108/176 |

***6º.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a cooperación na financiacion dos gastos derivados da execución da actuación "XIV Festival aturuxo" (anualidade 2026).***

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

"En relación co escrito, presentado por don José Luis Pajón Camba, en nome e representación do Concello de Ourol, con CIF: P2703800I, con RE, nº: 2026RT010296 de data.07.05.2026, no cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Ourol e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común no financiamento do "XIV Festival Aturuxo", procede emitir o seguinte INFORME:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "XIV Festival Aturuxo" enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...)".
Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 109/176 |

tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos ( art. 48.9 da LRXSP).
O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que: O Concello de Ourol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiración da comunidade veciñal. O Concello de Ourol, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, en todo caso, exercera como propias, entre outras, “h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.
O XIV Festival Aturuxo, celebrarase durante os días 17 e 18 de xullo de 2026. O Aturuxo é un festival que se celebra nunha pequena parroquia do Concello de Ourol, chamada Bravos, na que é posible levar a cabo un proxecto importante e novidoso, creado para fomentar e dinamizar o medio rural e para promocionar un territorio cunha riqueza natural, xeolóxica, patrimonial e cultural que fan desta parroquia do Concello de Ourol un lugar magnífico para descubrir e atraer visitantes doutros lugares da provincia e do resto de Galicia. Bravos localízase nas inmediacións da Serra do Xistral, un lugar cunha riqueza natural e xeolóxica moi importante e que determina as características morfolóxicas de toda a zona, moi cercano as praias da Mariña Lucense. Esta excepcional ubicación pode ser unha oportunidade importante en canto a atracción de visitantes, non só para a parroquia de Bravos, senon para todo o Concello de Ourol. A riqueza natural e patrimonial de esta ubicación física fan da parroquia de Bravos un lugar axeitado potencialmente para a súa promoción territorial e turística, nun territorio do interior da provincia que precisa a posta en marcha e diferentes accións e estratexias para o desenvolvemento social e económico do territorio. Unha de estas accións, coa que se pode promocionar o lugar, e atraer diferentes visitantes para que coñezan a parroquia e por extensión, tamén o Concello de Ourol, e toda a súa riqueza patrimonial e paisaxística, é o Festival Aturuxo, que xa se ven desenvolvendo dende hai varios anos en Bravos, festival no que participa moi activamente toda a veciñanza do lugar e, de forma destacada, a Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva Aturuxeiros de Bravos.
O devandito Festival ten por obxecto fomentar e dinamizar a parroquia e o medio rural nun tempo no que o abandono e o avellentamento da poboación están máis presentes que nunca, fomentando a integración social, para mellorar a calidade de vida no rural e dinamizando o medio a través do seu desenvolvemento económico




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 110/176 |

que conlevará a promoción turística. Pretendese que outras persoas de moi diferentes lugares coñezan a parroquia, o concello e as suas tradicións. Mediante a música fomentase o turismo de proximidade, e mellorase teman a calidade de vida no entorno rural a traves da promoción do territorio e do fomento do turismo sostible, que pode ser unha oportunidade real para un desenvolvemento efectivo dun concello das caracteristicas do Concello de Ourol.
Por estes motivos, e importante deseñar accións que teñan como finalidade a promoción do noso territorio e da nosa riqueza patrimonial e utilizando os seus recursos, como e neste caso a celebración do Festival Aturuxo.
Efectivamente, da lectura do Convenio Interadminstrativo de actuación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:
(…)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)”.
Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 111/176 |

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembros de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.726,09€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ourol, de acordo co orzamento previsto, aportará os terreos precisos e tramitara a concesión dos permisos, autorizacións e licencias de competencia municipal para o desenvolvemento adecuado da actuacións, e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, INFÓRMASE FAVORABLEMENTE: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "XIV Festival Aturuxo" (anualidade 2026). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito".

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do "Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación na financiación dos gastos da execución da actuación "XIV Festival Aturuxo" (anualidade 2026) por importe total de 20.726,09€, do seguinte teor:

"CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE OUROL PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "XIV FESTIVAL ATURUXO" NO CONCELLO DE OUROL , ANO 2026..
[APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA .......... DE ..................... DE 2026.]
(Asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

INTERVEÑEN




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 112/176 |

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Don Jose Luis Pajón Camba, como Alcalde do Concello de Ourol, con N.I.F P2703800I e sede social na Estrada Xeral s/nº, 27865, Ourol (Lugo) actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

SEGUNDO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 113/176 |

entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

CUARTO: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

QUINTO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 114/176 |

"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEXTO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 115/176 |

SÉTIMO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

OITAVO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

NOVENO.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 116/176 |

encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.
Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Orzamento da Actuación XIV Festival Aturuxo | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| Grupos musicais | |
| Banda Balbina | 3.025,00 € |
| A.C.Tumba e Dalle | 1.000,00 € |
| Vimbio | 1.512,50 € |
| Sabela | 4.840,00 € |
| Esceario e Son | |
| Escearío e son | 8.816,31 € |
| Loxistica | |
| Aluger aseos | 1.113,20 € |
| Aluger vallas | 419,08 € |
| CUSTE TOTAL | 20.726,09 € |

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 20.726,09€ | 0,00€ |
| TOTAL: 20.726,09 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 117/176 |

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente e concretamente a comarca da "Mariña Occidental" na que está incluido o Concello de Ourol.

TERCEIRA.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese a Promoción do Territorio e do Turismo, "Cultural", como unha alternativa ao turismo tradicional. O Concello de Ourol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello de Ourol, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestións dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal. En todo caso exercerá como propias, entre outras, "h) Información de promoción da actividade turística de interese e ámbito local".

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2.En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida pola Deputación ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.
A Deputación de Lugo exímese da organización, execución, materialización da actividade, das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado e das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e onde se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

4.2. O Concello de Ourol
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ourol, comprométese ao seguinte:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 118/176 |

1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2.Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3.O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026, ata o 31 de decembro de 2026.
4.Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
5.Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6.Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7.Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8.Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9.Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10.Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

QUINTA.- Réxime económico.
A)ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.726,09 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Ourol financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:
O resultado da cooperación será de titularidade compartida, posto que os efectos a nivel turístico, cultural, económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Ourol e, aos limítrofes da comarca da "Mariña Occidental", e en xeral a toda a provincia de Lugo.
B)XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Ourol se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 119/176 |

modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
-Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

SEXTA.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 16.580,87 €




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 120/176 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026..
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028. debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 121/176 |

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a)Velar polo cumprimento deste convenio.
b)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 122/176 |

protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais,noartigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b)Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 123/176 |

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

**2º.-** Aprobar o gasto de 20.726,09€, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor do Concello de Ourol, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "XIV Festival Aturuxo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS TARIFAS DE PREZOS PÚBLICOS QUE RIXEN PARA A MATRÍCULA E PARA REPETIDORES DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Interventora Xeral

Logo de ver o informe asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emítese o seguinte informe:

- O mencionado Informe fai mención a:

"... As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten. Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matricula de 600 €.
"Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica,




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 124/176 |

poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten. Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €. O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos".

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo. ..".

A proposta é relativa á gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente. Do estudo do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

- En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

- Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que se entende que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou en pasados informes, debería tramitarse expediente de importe de matricula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da Xefa do Servizo

Que a extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 125/176 |

da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, creouse un novo servizo de Audiovisuais, no que se integrou a actividade e o persoal da extinta Fundación TIC cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.
O procedemento de admisión do alumnado para os ciclos de grado superior é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e tamén é igual ao da Xunta de Galicia.

As matrículas dos Ciclos Formativos de Grado Superior impartidos polo Servizo, dende o ano 2007, son totalmente gratuítas, agás os repetidores, a fin gratuítas, agás os repetidores, a fin de que calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobre as materias que se imparten.
Buscando o interese por parte do alumnado no aproveitamento dos coñecementos que se imparte de forma gratuíta, na sesión do Padroado celebrado o día 19 de novembro de 2012 e publicado no BOP de Lugo de 4 de xullo de 2013, acórdase que os alumnos repetidores aboen unha matricula de 600 €.

"Visto que os cursos dos Ciclos formativos impartidos por esta Fundación son gratuítos, a fin de calquera alumno, por escasa que sexa a súa capacidade económica, poida obter os necesarios coñecementos sobe as materias que se imparten.
Visto que a postura adoptada pola Fundación sobre a mencionada gratuidade ten que ter correspondencia por parte de alumno o seu interese no aproveitamento dos coñecementos que se imparten, pola Dirección da Fundación proponse que se adopte acordo no sentido de que aos que teñan que repetir curso se lles cobre unha matrícula, máis ben de carácter simbólico, de 600 €.
O Padroado , co voto a favor de todos os membros asistentes, acordou prestar aprobación á proposta da que xa deixa feito méritos

É todo en canto proceder a informar, sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente, segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo.

En consecuencia con todo o exposto, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta relativa sobre a gratuidade da primeira matrícula e a de abono para os alumnos repetidores da tarifa sinalada e vixente , segundo o exposto, para os Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos deste servizo".




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 126/176 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 13 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"En data de 30 de abril de 2026, foi presentado un escrito por Dna. Inés Castelo García, mediante o que solicita a adquisición da parcela número 13, situada no Polígono Industrial de " A Gándara" no Concello de Friol, por importe de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE, mediante pago aprazada a 5 anos e cotas mensuais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 27 de agosto de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, mediante poxa, así como o prego de cláusulas administrativas que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, acordou a adxudicación de parcelas do Polígono Industrial "A Gándara", Concello de Friol, aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 13 do Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol , ten un prezo de licitación , publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE e non foi adxudicada neste procedemento.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "A Gándara", no Concello de Friol, recolle na súa cláusula 20 :

" No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, en data de 14 de maio de 2016, baixo o CSV IV7REPT2PHWTJ2456IHDLZQXF4 que conclúe:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 127/176 |

“... considérase que a oferta presentada por Dna. Inés Castelo García para a adquisición da parcela número 13 do Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, cumpre co establecido no prego reitor e coa lexislación vixente, polo tanto, procede o alleamento da mesma mediante adxudicación directa e pago financiado a cinco anos, con cotas mensuais..”.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 20 de maio de 2026, con CSV IV7RGYCKNI4MZNEP474CEMZWP4 que conclúe:
“Á vista das anteriores consideracións, e sen prexuízo do resultado derivado de actuacións
comprobatorias posteriores de control financeiro mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, infórmase que non se manifesta inconveniente á tramitación do expediente do Procedemento de Alleamento, por adxudicación directa, da parcela número 13 do polígono industrial “A GÁNDARA” do Concello de Friol, si se cumpren as condicións anteriormente expostas e demais incluídas no prego de condicións para o alleamento da devandita parcela”

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 13 do Polígono Industrial de Friol, a favor de Dna. Inés Castelo García, polo importe de trinta e tres catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE con pago aprazado a cinco anos e cota mensual, co devengo dos intereses correspondentes, de acordo co disposto na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas, reitor do alleamento de parcelas de solo industrial, mediante poxa, publicado no BOP número 204, de 4 de setembro de 2021.

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 13 do Polígono Industrial de Friol, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Dna. Inés Castelo García.

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 13 do Polígono Industrial de Friol”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 13.- PROPOSTA APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN AS FACTURAS: B-37 E B-110 DE CANTEIRA DO PENEDO, S.A.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 128/176 |

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO, S.A. | B-37 | 31/01/26 | 8.743,84€ | Subm.áridos P.Móbil<br><br>2026/FAC-01/0001371 | SUBM. | Xaneiro 2026 | 9201.210<br><br>92026/4449 |
| CANTEIRA DO PENEDO, S.A. | B 110 | 28/02/26 | 11.113,17 € | Subm.áridos P.Móbil<br><br>2026/FAC-01/001401 | SUBM. | Febreiro 2026 | 9201.210<br><br>92026/4452 |
| | TOTAL | | 19.857,01 € | | | | |

TOTAL 19.857,01 €

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención

Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 15 de maio de 2026 na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 19.857,01 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propoñendo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 19.857,01 €:

| ACREEDOR | Nº DE FACTURA | DATA FACTURA | IMPORTE | OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM | NATUREZA XURIDICA | DATA REALIZACIÓN | CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CANTEIRA DO PENEDO, S.A. | B-37 | 31/01/26 | 8.743,84 | Subm.áridos P.Móbil<br><br>2026/FAC-01/0001371 | SUBM. | Xaneiro 2026 | 9201.210<br><br>92026/4449 |
| CANTEIRA | B 110 | 28/02/26 | 11.113,17 € | Subm.áridos | SUBM. | Febreiro 2026 | |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 129/176 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DO PENEDO, S.A. | | | | P.Móbil<br><br>2026/FAC-01/001401 | | | 9201.210<br><br>92026/4452 |
| | TOTAL | | 19.857,01 € | | | | |

TOTAL 19.857,01 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “CONCIENCIA DUNHA TRADICIÓN. A OLERÍA DE MONDOÑEDO, BONXE, SAMOS E GUNDIVÓS”.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Conciencia dunha tradición. A olería de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son autores Luis Hixinio Flores Rivas, Oscar Lantes-Suárez, María Pilar Prieto Martínez, Manuel Fernández. López Lolo e Orlando Viveiro Veiga; na cantidade de tinta e sete euros (37,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta e cinco euros con cincuenta e oito céntimos (35,58 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “MIL DOCUMENTOS SOBRE A MURALLA ROMANA DE LUGO. S. XVI AO S. XX”.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Mil documentos sobre a muralla romana de Lugo. S. XVI ao s. XX”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 130/176 |

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor Adolfo de Abel Vilela, na cantidade de cincuenta e catro euros (54,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de cincuenta e un euros con noventa e dous céntimos (51,92 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL EN PEDRAFITA DO CEBREIRO".**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "Literatura de tradición oral en Pedrafita do Cebreiro"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son autores Laura Balboa e Gaspar Méndez, na vinte e un euros (21,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte euros con dezanove céntimos (20,19 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "ENXEÑARÍA HIDRÁULICA DO S. XVIII NA CIDADE DE MONDOÑEDO. A TRAÍDA HISTÓRICA DE AUGA".**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "Enxeñaría Hidráulica do s. XVIII na cidade de Mondoñedo. A traída histórica de auga"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 131/176 |

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que son autores Xurxo Lorenzo, Javi Fouz, Andrés García Doural, Miguel Chao e Magdalena Domenech, na cantidade de trinta euros (30,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e oito euros con oitenta e cinco céntimos (28,85 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REBAIXA NO 10% NOS PREZOS PÚBLICOS DAS PUBLICACIÓNS DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NAS FEIRAS DO LIBRO E OUTROS EVENTOS DE PROMOCIÓN DO LIBRO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"En base aos seguintes puntos:

1. A Federación de Libreiros de Galicia estableceu un desconto do 10% para os PVP das publicacións vendidas nas feiras do libro a celebrar en toda Galicia, en aplicación do establecido no artigo 11. a) da Lei 10/2007, de 22 de xuño, da Lectura, do Libro e das Bibliotecas, no que se regulan as excepcións ao prezo fixo dos libros.

2. Este desconto do 10% sobre o PVP sopórtao o pequeno comercio local que acode as feiras para a venda ao pormenor de libros e publicacións xa que as editoras e distribuidoras non rebaixan o prezo dos exemplares que distribúen aos minoristas para as feiras. A isto súmanselle os custes de inscrición para asistir a ditos eventos.

3. O acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial do 30 de novembro de 1992 establece que a aprobación das tarifas dos prezos públicos realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno.

4. As tarifas do prezo público dos libros do Servizo de Publicacións para distribución concertada están fixadas cunha distribución do importe no que corresponde a esta Excma. Deputación Provincial o 70% e ao minorista vendedor o 30%.

5. No artigo 7 da citada Lei 10/2007 establécense tamén as condicións básicas para a promoción da industria editorial e do comercio do libro como parte primordial das industrias culturais; para o fomento da lectura e promoción de actividades culturais e de interese público como é o fomento da actividade económica cultural a través do comercio local e sen menoscabo daqueles preceptos dos arts. 13 e 14 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista que podan ser de aplicación para os beneficiarios.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 132/176 |

6. Actuando en cumprimento do citado artigo 11. a) da Lei 10/2007 que permite á Deputación de Lugo e ao seu Servizo de Publicacións como axente editorial acollerse ao establecemento dun desconto do 10% como máximo para os exemplares vendidos nas Feiras do Libro e outros eventos de promoción do libro.

7. Cumprindo co lexislado no artigo 44.2 RDL 2/2004 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, esta baixada da contía dos prezos publicos xa fixados proponse por razóns sociais, culturais e de interese público, motivada nos puntos 2 e 5 deste informe proposta: a axuda ao sector do libro e a promoción da lectura.

Por todo o anterior e coa intención de favorecer a actividade económica do pequeno comercio local, de xeito que non vexa minguados os seus ingresos, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aplicar para os exemplares editados polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo un desconto para a distribución concertada dun 40% nas vendas realizadas nas Feiras do Libro e outros eventos de promoción do libro asumindo así o 10% de desconto que se aplica ás vendas neste tipo de eventos".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS CIRCUÍTOS TEATRAIS (AFECCIONADO E PROFESIONAL), NA PROVINCIA DE LUGO, 2026.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

"1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: "(...)A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.

Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.

De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 133/176 |

Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE recoñece o dereito das comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 134/176 |

sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que serva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma perténcelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira perténcelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á ciudadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituido polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriales que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 135/176 |

cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

- A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un CIRCUITO DE TEATRO AFECCIONADO E UN CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL para a promoción, a divulgación e o fomento das actividades culturais de natureza escénica-teatral, dirixidas ao público infantil e adulto de toda a provincia de Lugo, da man dos Concellos, entidades asociativas culturais, asociacións veciñais e Anpas. Estas actividades poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores.

No caso dos circuítos teatrais (AFECCIONADO E PROFESIONAL) estará dirixido a promover o desenvolvemento das artes escénicas teatrais a través da contratación de diferentes grupos de teatro afeccionado e/ou de compañías de teatro profesional, segundo corresponda á modalidade destes 2 circuítos de teatro.
O que se pretende con estes Circuítos é facilitar a acceso do público ao teatro mediante a distribución de montaxes tanto de teatro clásico, nos seus diferentes xéneros (comedia, traxedia, traxicomedia, drama, títeres…), como de teatro moderno, entendendo como tal o teatro inmersivo, a improvisación, o microteatro, os musicais, o teatro do absurdo, a mímica, o teatro infantil, o teatro experimental,…, abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social.

Nesta anualidade 2026, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) non asumirá o 100% do custo das representacións teatrais destes circuítos teatrais (Afeccionado e Profesional). senón que a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá/aboará unha porcentaxe variable do custo da obra representada concedida aos grupos teatrais participantes neste Programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actividade. A porcentaxe restante do custe da representación teatral deberá ser asumido polo interesado da representación teatral, responsabilizándose de facerllo efectivo ao grupo teatral actuante. No caso de que houbese algún incumprimento de carácter económico por parte do interesado, a Deputación só se




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 136/176 |

fará cargo do pago da porcentaxe da aportación económica comprometida, de acordo aos cachés e tipoloxías das obras que figuran a continuación:

CIRCUÍTO DE TEATRO AFECCIONADO:

* Os cachés das representacións teatrais afeccionadas para a anualidade 2026, e as porcentaxes que deberán asumir os interesados nas representacións para este Circuito teatral Afeccionado na anualidade 2026 serán os seguintes:

| Nº INTEGRANTES DOS GRUPOS TEATRAIS AFECCIONADOS | CACHES DAS OBRAS | TIPOLOXÍAS DOS DIFERENTES INTERESADOS DAS REPRESENTACIÓNS DE TEATRO AFECCIONADO E PORCENTAXES A ASUMIR POLAS PARTES. | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Asociacións (ANPAS, Asoc. Veciñais e Asoc. Culturais) | | Concellos < 6000 habitantes | | Concellos > ou igual a 6000 Habitantes | |
| | | Deputación 90% | Interesados 10% | Deputación 80% | Interesados 20% | Deputación 70% | Interesados 30% |
| Grupos ata 8 integrantes | 495 € | 445,50 € | 49,50 € | 396 € | 99 € | 346,50 € | 148,50 € |
| Grupos entre 9 e 12 integrantes | 745 € | 670,50 € | 74,50 € | 596 € | 149 € | 521,50 € | 223,50 € |
| Grupos de 13 ou máis integrantes | 845 € | 760,50 € | 84,50 € | 676 € | 169 € | 591,50 € | 253,50 € |

CIRCUÍTO DE TEATRO PROFESIONAL:

A oferta das obras para esta edición 2026 ten por obxecto o de facilitar o acceso público ao teatro abordándose nas representacións unha ampla temática, desde o costumismo ata a crítica social. Cada compañía profesional de teatro poderá ofertar para este Circuito de Teatro Profesional 2026, as obras que considere.

* Os cachés das representacións das Compañías Teatrais Profesionais participantes nesta anualidade 2026 son os seguintes:

| | TIPOLOXÍAS DOS DIFERENTES INTERESADOS DAS REPRESENTACIÓNS DE TEATRO PROFESIONAL E PORCENTAXES A ASUMIR POLAS PARTES (Interesados + Deputación) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CACHÉ OBRAS | Asociacións (ANPAS, Asoc. Veciñais e Asoc. Culturais) | | Concellos < 6000 habitantes | | Concellos > ou igual a 6.000 habitantes | |
| | Deputación 90% | Interesado 10% | Deputación 80% | Interesado 20% | Deputación 70% | Interesado 30% |
| Obras de 484 € | 435,60 € | 48,40 € | 387,20 € | 96,80 € | 338,80 € | 145,20 € |
| Obras de 550 € | 495,00 € | 55,00 € | 440,00 € | 110,00 € | 385,00 € | 165,00 € |
| Obras de 607,20 € | 546,48 € | 60,72 € | 485,76 € | 121,44 € | 425,04 € | 182,16 € |



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 137/176 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Obras de 660 € | 594,00 € | 66,00 € | 528,00 € | 132,00 € | 462,00 € | 198,00 € |
| Obras de 726 € | 653,40 € | 72,60 € | 580,80 € | 145,20 € | 508,20 € | 217,80 € |
| Obras de 798,60 € | 718,74 € | 79,86 € | 638,88 € | 159,72 € | 559,02 € | 239,58 € |
| Obras de 880 € | 792,00 € | 88,00 € | 704,00 € | 176,00 € | 616,00 € | 264,00 € |
| Obras de 935 € | 841,50 € | 93,50 € | 748,00 € | 187,00 € | 654,50 € | 280,50 € |
| Obras de 1.089 € | 980,10 € | 108,90 € | 871,20 € | 217,80 € | 762,30 € | 326,70 € |
| Obras de 1.100 € | 990,00 € | 110,00 € | 880,00 € | 220,00 € | 770,00 € | 330,00 € |
| Obras de 1.210 € | 1.089,00 € | 121,00 € | 968,00 € | 242,00 € | 847,00 € | 363,00 € |
| Obras de 1.540 € | 1.386,00 € | 154,00 € | 1.232,00 € | 308,00 € | 1.078,00 € | 462,00 € |
| Obras de 1.633,50 € | 1.470,15 € | 163,35 € | 1.306,80 € | 326,70 € | 1.143,45 € | 490,05 € |
| Obras de 1.650 € | 1.485,00 € | 165,00 € | 1.320,00 € | 330,00 € | 1.155,00 € | 495,00 € |
| Obras de 1.760 € | 1.584,00 € | 176,00 € | 1.408,00 € | 352,00 € | 1.232,00 € | 528,00 € |
| Obras de 1.870 € | 1.683,00 € | 187,00 € | 1.496,00 € | 374,00 € | 1.309,00 € | 561,00 € |
| Obras de 2.090 € | 1.881,00 € | 209,00 € | 1.672,00 € | 418,00 € | 1.463,00 € | 627,00 € |
| Obras de 3.267 € | 2.940,30 € | 326,70 € | 2.613,60 € | 653,40 € | 2.286,90 € | 980,10 € |
| Obras de 3.300 € | 2.970,00 € | 330,00 € | 2.640,00 € | 660,00 € | 2.310,00 € | 990,00 € |
| Obras de 4.840 € | 4.356,00 € | 484,00 € | 3.872,00 € | 968,00 € | 3.388,00 € | 1.452,00 € |

As porcentaxes que deberán asumir os interesados nas representacións para o Circuito Teatral Profesional deste Programa 2026 serán os seguintes:

| | TIPOLOXÍAS DOS DIFERENTES INTERESADOS DAS REPRESENTACIÓNS DE TEATRO PROFESIONAL E PORCENTAXES A ASUMIR POLAS PARTES (Interesados + Deputación) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CACHÉ OBRAS | Asociacións (ANPAS, Asoc. Veciñais e Asoc. Culturais) | | Concellos < 6000 habitantes | | Concellos > ou igual a 6.000 habitantes | |
| | Deputación 90% | Interesado 10% | Deputación 80% | Interesado 20% | Deputación 70% | Interesado 30% |
| Obras de 484 € | 435,60 € | 48,40 € | 387,20 € | 96,80 € | 338,80 € | 145,20 € |
| Obras de 550 € | 495,00 € | 55,00 € | 440,00 € | 110,00 € | 385,00 € | 165,00 € |
| Obras de 607,20 € | 546,48 € | 60,72 € | 485,76 € | 121,44 € | 425,04 € | 182,16 € |
| Obras de 660 € | 594,00 € | 66,00 € | 528,00 € | 132,00 € | 462,00 € | 198,00 € |
| Obras de 726 € | 653,40 € | 72,60 € | 580,80 € | 145,20 € | 508,20 € | 217,80 € |
| Obras de 798,60 € | 718,74 € | 79,86 € | 638,88 € | 159,72 € | 559,02 € | 239,58 € |
| Obras de 880 € | 792,00 € | 88,00 € | 704,00 € | 176,00 € | 616,00 € | 264,00 € |
| Obras de 935 € | 841,50 € | 93,50 € | 748,00 € | 187,00 € | 654,50 € | 280,50 € |
| Obras de 1.089 € | 980,10 € | 108,90 € | 871,20 € | 217,80 € | 762,30 € | 326,70 € |
| Obras de 1.100 € | 990,00 € | 110,00 € | 880,00 € | 220,00 € | 770,00 € | 330,00 € |
| Obras de 1.210 € | 1.089,00 € | 121,00 € | 968,00 € | 242,00 € | 847,00 € | 363,00 € |
| Obras de 1.540 € | 1.386,00 € | 154,00 € | 1.232,00 € | 308,00 € | 1.078,00 € | 462,00 € |
| Obras de 1.633,50 € | 1.470,15 € | 163,35 € | 1.306,80 € | 326,70 € | 1.143,45 € | 490,05 € |
| Obras de 1.650 € | 1.485,00 € | 165,00 € | 1.320,00 € | 330,00 € | 1.155,00 € | 495,00 € |
| Obras de 1.760 € | 1.584,00 € | 176,00 € | 1.408,00 € | 352,00 € | 1.232,00 € | 528,00 € |
| Obras de 1.870 € | 1.683,00 € | 187,00 € | 1.496,00 € | 374,00 € | 1.309,00 € | 561,00 € |
| Obras de 2.090 € | 1.881,00 € | 209,00 € | 1.672,00 € | 418,00 € | 1.463,00 € | 627,00 € |
| Obras de 3.267 € | 2.940,30 € | 326,70 € | 2.613,60 € | 653,40 € | 2.286,90 € | 980,10 € |
| Obras de 3.300 € | 2.970,00 € | 330,00 € | 2.640,00 € | 660,00 € | 2.310,00 € | 990,00 € |
| Obras de 4.840 € | 4.356,00 € | 484,00 € | 3.872,00 € | 968,00 € | 3.388,00 € | 1.452,00 € |

Os circuítos teatrais (afeccionado e profesional) encádranse dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:

Incentivar a produción e o consumo cultural




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 138/176 |

Impulsar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.
Apoiar e dar visibilidade as artes cinematográficas e teatrais como mecanismo de cohesión social
Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o teatro aos concellos da Provincia, as Anpas dos Centros de ensino e ás asociacións culturais e veciñais de toda a provincia.
Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.
Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.
Converter as manifestacións culturais de natureza teatral nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.
Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición, promovendo a participación e a integración social e a reactivización da actividade económica cultural.
Complementar a programación artística que por parte dos concellos, das Anpas dos centros de ensino, das asociacións culturais e veciñais se veñen desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo).

Os circuítos de teatro nacen coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes escénicas representadas pola participación de grupos teatrais afeccionados e profesionais ou ben pola organización, a distribución, a proxección e a divulgación de filmografía con temática inclusiva, reivindicación social, transmisión de valores fundamentais (visibilización da realidade de colectivos diferentes, igualdade de xénero e raza, o fomento da diversidade, etc…) dando cabida a variantes que van dende o musical con transfondo social, a comedia ou o drama, pasando pola intriga-se fose o caso- intentando que, de acordo coa Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia se protexa, se conserve, se difunda e se fomente o patrimonio cultural como unha ferramenta de interrelación social coa función de nexo de transmisión ás xeracións futuras de valores fundamentais na educación: igualdade, diversidade ou sensibilizar a realidade dos diferentes colectivos sociais, etc...

Debemos sinalar que, no artigo 9.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia, considéranse bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións e as artes do espectáculo.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 139/176 |

O período de execución destes circuítos teatrais 2026 será dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2026 (incluídas as actividades de Nadal).

De igual xeito, estes circuítos se materializarán – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa implementación será de 215.100,00 €, desglosados do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| - | ◆ Circuíto Teatro Afeccionado e Circuíto de Teatro Profesional: 190.100,00 € |
| - | ◆ Pago de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor)- se fose o caso-: 17.000,00 € |
| - | ▪ Deseño, maquetación e impresión material divulgativo do Programa: 8.000,00 € |

Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais, das asociacións veciñais e Anpas dos centros de ensino; á difusión das programacións destes circuítos a todos os recunchos da xeografía provincial, poñendo especial fincapé en levar as representacións escénicas a aqueles espazos territoriais máis alonxados das salas de cine ou dos espazos de representación teatral.
As actuacións (en interior e/ou exterior) poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e á necesidade de complementar a programación cultural xa organizada nos concellos, nas anpas de centros de ensino, e nas asociacións culturais e veciñais de toda a provincia.

Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades e demandas dos potenciais clientes culturais do noso territorio provincial: democracia cultural. Así pois, o servizo de Cultura considera que para innovar e incrementar o movemento económico das industrias culturais, a partir da anualidade 2026, non se poderán ofertar nin representar as obras que xa leven 3 anos participando nos Circuítos Teatrais da Deputación de Lugo.

AS OBRIGAS/COMPROMISOS DAS PARTES:

1.- Consideracións a ter en conta polos grupos teatrais para o Circuíto Teatral Afeccionado
a) Seren asociacións culturais legalmente constituídas da provincia de Lugo.
b) Non poderán formar parte deste Circuíto de Teatro Afeccionado, as escolas municipais, os grupos escolares ou universitarios e os grupos profesionais.
c) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
d) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 140/176 |

actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

e) Actuar obrigatoriamente co mesmo número de integrantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.

f) Realizar as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).

g) Expedir as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade deberá correr a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Afeccionado, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais afeccionadas e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados das representacións para este Circuito teatral Afeccionado na anualidade 2026.

h) As obras representadas serán en galego, sendo tamén esta a lingua empregada na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Afeccionado organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-

i) Os grupos teatrais terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.

j) Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos teatrais participantes neste circuito de teatro afeccionado existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo teatral, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos teatrais que se presenten a este Programa.

k) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidera derivarse).

l) Achegar- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.

m) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 141/176 |

n) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
ñ) Presentar un historial do grupo teatral e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar, se fose o caso.
o) Remitir, xunto co comprobante da actuación, unha fotografía da actividade realizada onde figure a imaxe do programa, así como o logo corporativo da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo.

2.- Consideracións a ter en conta polas compañías teatrais para o Circuito Teatral Profesional
a) Seren compañías profesionais de teatro, de carácter privado.
b) Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
c) Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
d) Realizaren as actuacións nos lugares, días e horas asignados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura)
e) Expedir as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade deberá correr a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Profesional, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais profesionais ofertadas e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados nas representacións para este Circuito Teatral Profesional na anualidade 2026.
f) As obras representadas serán en galego, sendo tamén esta a lingua empregada na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Profesional organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.
g) As compañías profesionais de teatro terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das obras de teatro. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.
h) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquera outro gasto que puidera derivarse).




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 142/176 |

i) Achegar- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.
j) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- star suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual, ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.
k) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.
l) Presentar un historial da compañía e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar.
m) Remitir, xunto co comprobante da actuación, unha fotografía da actividade realizada onde figure a imaxe do programa, así como o logo corporativo da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo.

3.- Consideracións a ter en conta por parte dos interesados no Circuíto de Teatro Afeccionado e no Circuíto de Teatro profesional, 2026
a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo/compañía que actúe de acordo coa diferente tipoloxía de interesados, e de acordo ás porcentaxes reflexadas na táboa de cachés xa sinalada. A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deban efectuar os interesados aos grupos teatrais actuantes deste Programa pola realización das súas actuacións. No caso de que algún grupo teatral actuante comunique ao centro xestor do Programa (servizo de Cultura) que o interesado non lles realizou a porcentaxe do custe correspondente ás súas obrigas- de acordo ás características do Circuíto e a táboa de cachés sinalada para este Circuíto Teatral (Afeccionado e Profesional), a Deputación de Lugo - servizo de Cultura- reservase o dereito de considerar non programar- con este interesado- actividades na vindeira anualidade.
b) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.
c) Expedirlle ao grupo/compañía actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actividade efectuada, onde figure o número de persoas que asistiron á representación da mesma.
d) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación contratada (data/hora/ lugar ou grupo/compañía asignado) sen autorización expresa da Deputación. Por esta razón, de xurdir calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:
Teléfonos de contacto: 982 260256/ 982 260180
e-mails de contacto: cruz.culturaedeporte@deputacionlugo.org.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 143/176 |

ana.vigo@deputacionlugo.org
e) Velar polo correcto desenvolvemento da actividade programada, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
f) Incluir na cartelaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo.

4.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
a) Aboar a porcentaxe de caché que lle corresponda da actividade contratada nos Circuítos de Teatro Afeccionado e Teatro Profesional 2026, e sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria. No caso de que, por parte dos interesados nas actividades destes circuítos teatrais houbese algún incumprimento económico, a Deputación de Lugo- en ningún caso- aboará o 100 % do custe das actividades realizadas.
b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actividades derivadas destes Circuítos de Teatro 2026, de acordo coa fundamentación deste Programa de Circuítos Teatrais, 2026.
d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa (…)".

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver os Circuitos Teatrais (Afeccionado e Profesional) para a anualidade 2026.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura PROPÓN– se procede- que pola Xunta de Goberno se aprobe:

Aprobar o Programa dos Circuitos teatrais (Afeccionado e Profesional) para a anualidade 2026, por importe de 215.100,00 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/actuacións destes Circuitos Teatrais: 190.100,00 €




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 144/176 |

Para asumir o pago -se fose o caso- dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 17.000,00 €

Para o deseño, maquetación e impresión do material divulgativo do Programa: 8.000,00 €.

ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE (PARA CUBRIR POLOS PARTICIPANTES NO CIRCUITO DE TEATRO AFECCIONADO, 2026).

Don/dona:........................................................................................................................................
con NIF:…………………………………………………………..., en nome propio, como representante ou responsable: (táchese o que non proceda) do grupo teatral …………………………………………………………………………………….., pertencente á Asociación……………………………………………………………………………………………………… …… con NIF:................................................., declaro:

□ Que somos unha asociación cultural legalmente constituida da provincia de Lugo.

□ Que non somos unha escola municipal, un grupo teatral escolar ou universitario nin un grupo profesional.

□ Que estamos dados de alta no IAE, nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver, e achegamos documentación acreditativa de alta no IAE.

□ Que nos responsabilizamos do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

□ Que o noso grupo de teatro vai estar integrado por un total de…………….. integrantes na actuación (*número exacto de integrantes que van a participar na actuación. Debe ser o mesmo número que figura na factura proforma), actuando baixo a miña responsabilidade para todos os efectos, e que actuaremos obrigatoriamente, co mesmo número de participantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.

□ Que realizaremos as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 145/176 |

□ Que expediremos as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade será a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Afeccionado, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais afeccionadas e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados das representacións para este Circuito teatral Afeccionado na anualidade 2025.

□ Que utilizaremos a lingua galega tanto nas representacións como na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, se indicará– obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Afeccionado organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.

□ Contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), na propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.

□ Que no elenco do noso colectivo actuante non temos menores de idade.

□ Que no elenco do noso colectivo actuante temos (indique o número)....................... menores de idade, que actúan baixo a miña responsabilidade para todos os efectos, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos colectivos actuantes que formen parte deste Programa.

□ Que correrán pola nosa conta aboar- se fose o caso- os gastos a terceiros que a nosa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidese derivarse).

□ Que achegaremos- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.

□ Que somos coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 146/176 |

□ Que para o caso de actuacións con menores achegamos un Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

□ Que presentamos un historial do noso grupo teatral, así como unha memoria da obra/ou obras a representar.

□ Que remitiremos -xunto co comprobante da actuación-, unha fotografía (1) da actividade realizada onde figure a imaxe do programa, así como o logo corporativo da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo.

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS | |
|---|---|
| Responsable | DEPUTACIÓN DE LUGO |
| Finalidade | Tramitar a súa solicitude para concorrer ás axudas; verificar os datos aportados e resolver sobre a mesma, así como dar resposta ás alegacións que se presenten. |
| Lexitimación | RXPD: 6.1.c) tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións)<br><br>RXPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) |
| Destinatarios | Axencia Estatal da Administración Tributaria; Base de Datos Nacional de Subvencións; BOP, a fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento. |
| Dereitos, información adicional e contacto co DPD | Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercitar outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en https://deputacionlugo.gal/gl/lopd Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org |

En________________________a______de____________de 2026.

Sinatura (Nome a apelidos)

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE (PARA CUBRIR POLOS PARTICIPANTES NO CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL, 2026).

Don/dona:..........................................................................................................................................
con NIF:…………………………………………………….., en nome propio, como representante ou responsable: (táchese o que non proceda) da compañía



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 147/176 |

teatral……………….........................................................................................................................,
con NIF:..................................................., declaro:

□ Que somos unha compañía profesional de teatro, de carácter privado.

□ Que estamos dados de alta no IAE, nunha actividade acorde coa prestación a desenvolver, e achegamos documentación acreditativa de alta no IAE.

□ Que nos responsabilizamos do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

□ Que realizaremos as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).

□ Que expediremos as facturas legais correspondentes na porcentaxe preceptiva do custe das actuacións realizadas e contratadas pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura), e sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma. O resto da porcentaxe do custe total da actividade será a cargo da entidade interesada na actividade de Teatro Profesional, de acordo á táboa sinalada onde figuran os cachés das representacións teatrais profesionais e as porcentaxes que deberán asumir as diferentes tipoloxías de interesados das representacións para este Circuito teatral Profesional na anualidade 2026.

□ Que utilizaremos a lingua galega tanto nas representacións como na publicidade que se faga das funcións. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, se indicará– obrigatoriamente- que as funcións forman parte do Circuíto de Teatro Profesional organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.

□ Contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), na propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.

□ Que correrán pola nosa conta aboar- se fose o caso- os gastos a terceiros que a nosa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidese derivarse).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 148/176 |

□ Que achegaremos- se fose o caso- todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación.

□ Que somos coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.

□ Que para o caso de actuacións con menores achegamos un Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

□ Que presentamos un historial da compañía e unha memoria detallada da obra/ou obras a representar.

□ Que remitiremos -xunto co comprobante da actuación-, unha fotografía (1) da actividade realizada onde figure a imaxe do programa, así como o logo corporativo da área de Cultura da Excma. Deputación de Lugo.

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS | |
|---|---|
| Responsable | DEPUTACIÓN DE LUGO |
| Finalidade | Tramitar a súa solicitude para concorrer ás axudas; verificar os datos aportados e resolver sobre a mesma, así como dar resposta ás alegacións que se presenten. |
| Lexitimación | RXPD: 6.1.c) tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións)<br><br>RXPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) |
| Destinatarios | Axencia Estatal da Administración Tributaria; Base de Datos Nacional de Subvencións; BOP, a fin de darlle a publicidade requirida ao procedemento. |
| Dereitos, información adicional e contacto co DPD | Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercitar outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en https://deputacionlugo.gal/gl/lopd Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org |

En________________________________a_______de________________de 2026.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 149/176 |

Sinatura (Nome a apelidos)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO CONCELLO DE GUITIRIZ DE MODIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE ACTIVIDADE DEPORTIVA PREVISTA DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a solicitude de nº expediente: 2026/PES_03/008679 e nº rexistro 2026RT009194 de data 24/04/2026 11:40:34 pola alcaldesa do Concello de Guitiriz no que expón "... Tendo en conta que no programa B5 de actividades deportivas se solicitou para a realización do VII Slalom e dado que xurde a posibilidade de celebración no Concello de Guitiriz do "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"" que sería a primeira edición na modalidade de rallymix, proba que se inclúe no Campionato Galego e que se atopa nunha fase de expansión, e de interés por parte desta entidade a celebración desta proba en lugar do VII Slalom.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

RESOLVO:

1. Incluir no Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2026 dentro de actividades deportivas o "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"" e retirar das actuacións o VII Slalom tal e como se detalla na memoria xustificativa.

O orzamento estimado sería o seguinte:

ORZAMENTO ESTIMADO:

Traballos organizativos para a realización da proba: 47.960,00€
Solicitado á Deputación Provincial de Lugo (Plan de Cooperación 2026 12.690,00€
Solicitado á Deputación Provincial de Lugo (Convenio interadministrativo) 19.670,00€
Ingresos previstos por inscricións 15.600,00€




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 150/176 |

2. Declarar que esta entidade ten solicitado un convenio interadministrativo coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"", no que financiaría a cantidade de 19.670,00€.

3. Coa modificación proposta no punto 1 e 2 desta resolución as aplicacións da achega asignada a este Concello quedaría repartida do seguinte xeito no programa de actividades deportivas non variando no resto:...".
Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

«INFORME RELATIVO A SOLICITUDE DA ALCALDESA DO CONCELLO DE GUITIRIZ DE DESTINAR OS FONDOS CONCEDIDOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS DENTRO DO "PROGRAMA DE CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS" Á EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "ACTIVIDADES DEPORTIVAS: I RALLYMIX CONCELLO DE GUITIRIZ. GRAN PREMIO "DEPUTACIÓN DE LUGO", CARREIRA POPULAR E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS", DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026

Vista a solicitude de nº expediente: 2026/PES_03/008679 e nº rexistro 2026RT009194 de data 24/04/2026 11:40:34 formulado pola alcaldesa do Concello de Guitiriz no que expón "... Tendo en conta que no programa B5 de actividades deportivas se solicitou para a realización do VII Slalom e dado que xurde a posibilidade de celebración no Concello de Guitiriz do "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"" que sería a primeira edición na modalidade de rallymix, proba que se inclúe no Campionato Galego e que se atopa nunha fase de expansión, e de interés por parte desta entidade a celebración desta proba en lugar do VII Slalom.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.
Ao abeiro da atribución concedida á Alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

RESOLVO:

1. Incluír no Plan Deputación de cooperación cos Concellos 2026 dentro de actividades deportivas o "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"" e retirar das actuacións o VII Slalom tal e como se detalla na memoria xustificativa.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 151/176 |

O orzamento estimado sería o seguinte:

ORZAMENTO ESTIMADO:

Traballos organizativos para a realización da proba: 47.960,00€
Solicitado á Deputación Provincial de Lugo (Plan de Cooperación 2026 12.690,00€
Solicitado á Deputación Provincial de Lugo (Convenio interadministrativo) 19.670,00€
Ingresos previstos por inscricións 15.600,00€.

2. Declarar que esta entidade ten solicitado un convenio interadministrativo coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo"", no que financiaría a cantidade de 19.670,00€.
3. Coa modificación proposta no punto 1 e 2 desta resolución as aplicacións da achega asignada a este Concello quedaría repartida do seguinte xeito no programa de actividades deportivas non variando no resto:...", emítese o seguinte INFORME,

ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrado o 30 de decembro de 2025, acordou a aprobación das Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, publicadas no BOP nº 004, do mércores 07 de xaneiro de 2026.
A base 21ª determina que:
A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:
(...)
e. Programa de actividades deportivas: Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.- Servizo de Deportes
Pola súa parte, a Base B.5.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan Deputación 2026 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, fixándose un gasto mínimo por actividade de 1.500,00 €, non podendo solicitar actividades con gasto inferior, correspondentes ao exercicio natural de 2026. Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

Segundo. A alcaldesa do Concello de Guitiriz presentou, en data 06/02/2026 15:41:10 e nº de expediente 2026/PPC_06/000044, solicitude de participación no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026.
No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Guitiriz formulaba como actividades a desenvolver "Actividades deportivas: Slalom, Carreira popular e Escolas deportivas municipais", cunha achega da Deputación Provincial por importe total de cincuenta e cinco mil novecentos corenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (55943,64 €).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 152/176 |

Terceiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2026, acordou a aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, no que se contempla unha achega de cincuenta e cinco mil novecentos corenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (55943,64 €) para a Programa de actividades deportivas: "Actividades deportivas: Slalom, Carreira popular E Escolas deportivas municipais".

Cuarto. A alcaldesa do Concello de Guitiriz solicita destinar o importe concedido de cincuenta e cinco mil novecentos corenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (55943,64 €) para a realización das actuacións inicialmente recollidas no Programa de actividades deportivas: "Actividades deportivas: Slalom, Carreira popular e Escolas deportivas municipais" á execución das seguintes actividades: "Actividades deportivas: I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo", Carreira popular e Escolas deportivas municipais".
Por tanto, á vista do indicado, a modificación solicitada afectaría ao contido da actividade especifica a realizar, pero non á sua tipoloxía e ao seu carácter deportivo.

Quinto. Ha de terse en conta que o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 contempla, na súa Base 16.2. RESTO PROGRAMAS, que concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, na data límite do 01/12/2026, respectando en todo caso a mesma finalidade, e por consecuencia a aplicación orzamentaria, e que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.
Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 17.7 do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 "a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2027, a conta xustificativa".

Sexto. E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 15.2 que "Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada na data límite do 01/12/2026 e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso".

Sétimo. No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Guitiriz, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 153/176 |

desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.
Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que "os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas".

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Guitiriz de modificación das actividades previstas inicialmente dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, e incluír como actuacións a desenvolver: "Actividades deportivas: I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo", Carreira popular e Escolas deportivas municipais", por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade agora proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas neste caso da disciplina automobilismo, e entendendo por tanto de acordo á petición formulada, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito".

Á vista do informe do servizo de Intervención
Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Primeiro. Estimar, en base ao establecido na Base 15.2 do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, a solicitude da alcaldesa do Concello de Guitiriz de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades "Actividades deportivas: I Rallymix Concello de Guitiriz. Gran Premio "Deputación de Lugo", Carreira popular e Escolas deportivas municipais", por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 154/176 |

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 18 de xullo de 2025, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 055, do sábado 08 de marzo de 2025, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025.

Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

| Nº REX | NOME ENTIDADE | C.I.F. | NOME ACTIVIDADE | Subvencion |
|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/000690 | CLUB DEPORT. CENTRO DEPORTIVO D10 | G27483023 | PADEL | 2.277,00 € |
| 2025/CCP_01/000686 | CLUB DEPORT. CENTRO DEPORTIVO D10 | G27483023 | TENIS | 3.310,00 € |

Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.
Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidades beneficiarias relacionadas relativas ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**22.- PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO SOBRE MODIFICACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES CANALIZADORAS DE SUBVENCIÓNS.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 155/176 |

"Asunto: Proposta relativa á modificación, se procede, da Convocatoria e das Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Morenas", anualidade 2026.

En relación coa modificación da Convocatoria e Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Morenas", anualidade 2026, dende á Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

"ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 24 de abril de 2026 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou aprobar a Convocatoria e as Bases que canalizarán as subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas autóctonas galegas (bovinas, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, Programa "Morenas", anualidade 2026.
A dita Convocatoria foi publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 20 de maio de 2026.

Segundo.- Con motivo da dita publicación, detectáronse algúns erros materiais, así como a necesidade de aclarar algún aspecto relacionado cos animais elixibles.
En concreto: (i) detectouse a necesidade de aclarar, na Base 4, se os animais elixibles teñen que estar na explotación nunha data en concreto ou se, pola contra, abonda con que cumpran os requisitos establecidos na dita Base; (ii) detectouse un erro material na Base 16, que inclúe, como causa de reintegro, unha que non corresponde a este Programa; (iii) e detectouse un erro material no anexo III, que indica que a persoa que certifica o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4 é o secretario da entidade correspondente, segundo a especie da que se trate.

Terceiro.- A aclaración e rectificación dos citados aspectos require da modificación das Bases reguladoras das subvencións, así como da convocatoria, pois aquela fai necesario o establecemento dun novo prazo de presentación de solicitudes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa aplicable
O réxime xurídico das modificacións ás que se fai referencia nos "Antecedentes de feito" deste informe está establecido, fundamentalmente, nas seguintes normas:
- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 156/176 |

- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 009, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

II. A modificación da convocatoria por emenda de erros materiais
A teor do disposto no artigo 109.2 da LPACAP, as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.
Cómpre suliñar, porén, que este remedio soamente pode utilizarse, segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, para corrixir equivocacións elementais en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos. Pero en absoluto cabe facer uso deste para corrixir calquera erro de dereito, isto é, na cualificación xurídica, no precepto aplicable ou en calquera outra apreciación xurídica, seguida dunha declaración baseada nela, por insignificante que sexa.
Así, o Tribunal Supremo definiu a rectificación ou emenda de erros á que se fai referencia no artigo 109.2 da LPACAP coma un "procedemento excepcional de modificación dos actos administrativos, que, pola súa natureza excepcional, ten que ser utilizado para os casos expresamente previstos" (STS do 26 de febreiro de 1996 -RJ 1996/1796-).
A xurisprudencia constante e, entre outras, as sentenzas do Tribunal Supremo do 15 de febreiro de 2006 (RJ 2006/1754), do 18 de xuño de 2001 (RJ 2001/9512) e do 11 de decembro de 1993 (RJ 1993/10065), ven esixindo unha serie de requisitos necesarios para a rectificación de erros materiais, que son os seguintes:
1. Que se trate de simples equivocacións elementais en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos.
2. Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables.
3. Que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos.
4. Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe un erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica).
5. Que non padeza a subsistencia do acto administrativo, é dicir, que non xere a anulación ou revogación deste, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ten que mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade de rectificación de oficio, encubrir unha auténtica revisión.
6. Que se aplique cun fondo criterio restritivo.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 157/176 |

No caso que nos ocupa, preténdese a modificación da devandita convocatoria para a emenda dos seguintes erros materiais:
Por unha banda, na Base 16, detectouse que inclúe un parágrafo que recolle como causa de reintegro o "incumprimento do compromiso de manter na explotación os animais elixibles, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, salvo causa de forza maior debidamente xustificada". Esta causa de reintegro pertence a outro Programa xestionado dende esta Sección de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, polo que é evidente que é necesaria a súa eliminación.
Por outra banda, no Anexo III, indicase que é o "secretario/a de ACRUGA" a persoa que subscribe a certificación de cumprimento, por parte dos animais elixibles, dos requisitos establecidos na Base 4. Ao igual que no caso anterior, este dato correspóndese co doutro Programa xestionado dende esta Sección, polo que se fai necesaria a emenda do erro, indicando que a persoa que subscribe o documento é o/a director/a veterinario/a da entidade xestora do correspondente Libro Xenealóxico, segundo a especie de animal ou de animais para os que se solicita a subvención.
Do apuntado no parágrafo anterior despréndese que tamén se fai necesaria a modificación da letra f) da Base 7, para substituír ao/s secretario/s da/s entidade/s xestora/s do/s correspondente/s Libro/s xenealóxico/s polo/a director/a veterinario/a da/s dita/s entidade/s.
En definitiva, ao meu xuízo, tendo en conta o exposto, a emenda dos erros materiais que aquí se informa ten pleno encaixe co disposto no artigo 109.2 da LPACAP e na citada xurisprudencia do Tribunal Supremo.

III. A modificación da convocatoria por aclaración de aspectos das Bases reguladoras das subvencións
A diferencia do que acontece coas modificacións analizadas no apartado anterior, se nos cinguimos estritamente ao concepto de aclaración (interpretar, explicar ou precisar o senso dunha redacción confusa na convocatoria, sen alterar o texto nin corrixir un erro material), non existe unha figura de "modificación por aclaración" nas leis administrativas, aínda que a Administración ten a obriga implícita de resolver as dúbidas que poidan xurdir na interpretación dos seus actos.
Con todo, o artigo 53.1.f) da LPACAP establece o dereito do cidadán a "obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar". Polo que a base xurídica que sostén como debe actuar a Administración ante unha dúbida interpretativa da convocatoria que nos ocupa non é outra que o exercicio do seu deber de atención ao cidadán.
Pois ben, a aclaración que compre facer, en relación cos requisitos establecidos na Base 4 das reguladoras das subvencións, para considerar elixibles aos animais para os que se solicita a axuda, é a relativa a se os ditos animais teñen que estar, na data de expedición da certificación contida no anexo III, na explotación.
Neste senso, cómpre ter en conta que o obxectivo último do Programa ao que corresponde a convocatoria é primar os nacementos, con independencia do destino que, con posterioridade, se dea ás crías; tal e como se deduce da Exposición de Motivos da Convocatoria.



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 158/176 |

Por outra banda, se se quixera cinguir os animais elixibles aos que estiveran na respectiva explotación nunha data concreta, esta debería concretarse nas Bases. Do mesmo xeito, de perseguir o mesmo obxectivo de mantemento na explotación dos animais ata unha data concreta, debería esixirse, xunto coa solicitude, copia do censo da explotación, emitida en aquela data.

Nas Bases reguladoras das subvencións non se concretou a dita data nin se esixiu que o censo de explotación tivera que estar emitido nunha data concreta.

Finalmente, a Base 13, reguladora do réxime de xustificación das subvencións, establece que "A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, femias das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

Do mesmo xeito, tamén será subvencionable ostentar a titularidade dunha explotación onde naceran, no ano 2025, machos e/ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e Cabra Galega, inscritas no correspondente Libro Xenealóxico da raza correspondente".

Por todo elo, cómpre dar nova redacción a Base 4, aclarando que son elixibles os animais que, nacendo na propia explotación no ano 2025, cumpran os demais requisitos establecidos na dita Base. É dicir, esta quedaría redactada como segue:

"Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

• Que conten ou contaran con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nacidas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

• Que conten ou contaran con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nacidos na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico..."

IV. A modificación da convocatoria por concesión dun novo prazo de presentación de solicitudes

As modificacións citadas nos apartados anteriores, requiren da concesión dun novo prazo para solicitar as subvencións, pois as causas de unhas e outras son imputables á Administración, non ás interesadas; o que obriga a permitir que novas interesadas presenten as súas solicitudes ou que quen xa o fixera poida modificar a documentación presentada.

As principais dúbidas que suscita a concesión do novo prazo, tendo en conta que estamos ante un procedemento abreviado de concorrencia, no que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, é a de se as presentadas inicialmente (antes da publicación da modificación e da concesión do novo prazo) deben terse en conta obrigatoriamente e, por outra banda, cal é a data



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 159/176 |

de presentación a ter en conta, a inicial ou a posterior, para adaptala á modificación da convocatoria publicada.

En relación coa primeira cuestión, ao meu xuízo, as solicitudes presentadas no primeiro prazo están perfectamente rexistradas e, polo tanto, non perden a súa validez nin a súa orde. É dicir, a Administración non pode ignorar nin descartar estas solicitudes para beneficiar ás novas que entren na modificación.

Neste senso, o artigo 9.1 da CE consagra o principio de seguridade xurídica, polo que as solicitudes validamente presentadas no primeiro prazo xeran un dereito do procedemento que a Administración non pode anular.

O artigo 22.1 da LXS, pola súa banda, establece o principio de concorrencia competitiva, o cal esixe que a concesión se realice mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas. Isto obriga, no caso que nos ocupa, a avaliar todas as solicitudes, ata esgotar o orzamento dispoñible, impedindo ignorar as solicitudes iniciais.

En relación coa data de presentación da solicitude que debe terse en conta para a concesión das subvencións, o antes citado principio de seguridade xurídica impón a obriga de considerar como data de presentación a da solicitude inicial, pois a solicitude posterior, presentada como consecuencia da modificación da convocatoria non é unha incidencia imputable ás interesadas, senón á propia Administración, responsable dos erros materiais cometidos; non podendo trasladar á interesadas o prexuízo derivado da necesidade de realizar unha modificación das súas solicitudes, pois esta deriva, como se dixo, da actuación de aquela e non da falta de dilixencia ou do erro cometido por estas.

Neste senso, o Tribunal Supremo ratificou reiteradamente (vaian por todas as SSTS do 5/11/2019 –RC 6806/2018-, do 19/07/2018 – RC 3662/2017- e do 16/12/2018 –RC 2986/2016-) que a achega posterior de documentos ou melloras a unha solicitude (dentro dun novo prazo concedido) non invalida nin retrasa a data de presentación da solicitude inicial en prexuízo do cidadán.

É por elo que resulta necesaria a modificación das Bases 2, 8 e 9, que, en relación coa data de presentación das solicitudes establecen "considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo", para engadir a locución "agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa".

V. Conclusións

En concordancia co anterior, dáse unha nova redacción ás Bases 2, 4, 7, 8, 9 e 16, que quedan redactadas co seguinte teor:

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 160/176 |

orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa.

Base 4.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, nas que se cumpran algún dos seguintes requisitos:

• Que conten ou contaran con femias de calquera das razas autóctonas bovinas Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, nacidas na propia explotación no ano 2025, inscritas no Libro Xenealóxico da raza correspondente, con proxenitores inscritos no Rexistro Definitivo (RD).

• Que conten ou contaran con machos ou femias das razas autóctonas Ovella Galega e/ou Cabra Galega, nacidos na propia explotación no ano 2025, inscritos no correspondente Libro Xenealóxico.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 161/176 |

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.
En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.
Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.
Base 7.- Presentación de solicitudes
As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.
As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).
No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.
En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.
Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.
As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:
a) Solicitude (Anexo I), que contén:
• Os datos da persoa, física ou xurídica, solicitante.
• Relación de documentos que acompañan á solicitude.
• Relación de animais para os que se solicita a axuda.
• Compromiso de respectar as normas relativas ás axudas de mínimis, especialmente a obriga de que as subvencións deste carácter recibidas durante o ano en curso e os dous anteriores non superen os 25.000 €.
• Información básica sobre a protección dos datos do solicitante.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 162/176 |

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.
b) No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).
c) Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.
d) Copia do NIF da entidade solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.
e) Copia do censo da explotación, emitido pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en calquera data do ano en curso, acreditativa de que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA.
f) Acreditación, mediante certificación/s expedida/s polo/s director/es veterinario/s da/s entidade/s xestora/s do/s correspondente/s Libro/s Xenealóxico/s, de que o animal ou animais para o/s que se solicita a axuda cumpre/n os requisitos establecidos na Base 4 (Anexo III).
g) Declaración conxunta (Anexo IV), que contén:
• Declaración de estar en situación de obter a condición de beneficiaria.
• Declaración relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a situación subvencionada.
• Declaración relativa á obtención de outras axudas de mínimis.
• Declaración relativa ao cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
• Declaración de non ser a persoa, física ou xurídica, debedora por resolución de procedencia de reintegro.
• Declaración relativa á adopción das medidas de difusión destinadas a dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.
No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.
h) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.
No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 163/176 |

i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da subvención.
No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.
Base 8.- Procedemento de concesión
O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22 da LSG, que establece que as subvencións cuxa concesión se realice polo procedemento previsto no seu artigo 19.2 poderán tramitarse por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá, en ningún caso, o órgano avaliador ao que se refire o artigo 21 da dita Lei.
As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida na Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o seu expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa.
Base 9.- Instrución do procedemento
Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruiranse e tramitaranse os respectivos expedientes, revisaranse as solicitudes presentadas, e verificarase que estas conteñen a documentación esixida, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.
Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previa resolución que lle será notificada.
Sendo que a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos establecidos nestas Bases farase unicamente en función da data de presentación dentro de prazo (considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo, agás nos supostos de mellora de solicitudes para a súa adaptación a eventuais modificacións das Bases reguladoras das subvencións, nos que se considerará como data de presentación a da solicitude inicial, sempre que esta estea completa), poderán obter as subvencións unicamente as solicitudes que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible nesta convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 21.5.a) da OXS.
Proposta de concesión provisional
Dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, á vista do expediente e previa fiscalización, efectuarase proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará a relación das



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 164/176 |

solicitantes para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.
A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP, por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.
Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.
Proposta de concesión definitiva
Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, previa fiscalización, formularase a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.
Base 16.- Incumprimentos e obrigas de reintegro
Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que a debedora o ingrese, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:
a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impediran.
b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 165/176 |

f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas imposta pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estas asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedinte no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora da dita Xurisdición.
Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.
Por outra banda, modifícase o anexo III, substituíndo á persoa que o subscribe, que pasa de ser o/a secretario/a a o/a director/a veterinario/a.

VI. Órgano competente para a aprobación da modificación das Bases canalizadoras das subvencións
Consonte á Base 18 das reguladoras das subvencións, "Estas Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes".

No expediente consta informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, sobre a modificación do texto das Bases que rexerán a citada convocatoria e do modelo de anexo III.

Á vista das actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización informou favorablemente o expediente o 27 de maio de 2026.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

**1º.-** Aprobar a modificación do texto das Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a preservación das razas



| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 166/176 |

autóctonas galegas (bovina, ovinas e caprinas) en risco de erosión xenética, nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, nos termos establecidos no fundamento de dereito V do informe incorporado a esta proposta.

**2º.-** Ordenar a publicación da dita modificación na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo.

**3º.-** Aprobar a concesión, ás interesadas, dun novo prazo de presentación de solicitudes de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**23.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a superior informática FP para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior Informática FP, grupo B, para xestionar




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 167/176 |

de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**24.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A EN MARKETING E PUBLICIDADE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 168/176 |

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade, grupo B, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**25.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 169/176 |

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Oficial/a Oficios Múltiples, para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Oficial/a Oficios Múltiples, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 170/176 |

**26.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA N35/2026, PROCEDEMENTO ABREVIADO 147/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no Procedemento Abreviado PA 147/2025 seguido a instancia de Gesproeume S.L. fronte á Excma. Deputación Provincial de Lugo o Xulgado da Plaza Nº2 da sección do Contencioso Administrativo de Lugo ditou a Sentenza Nº 35/2026,cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo ESTIMAR Y ESTIMO en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de GESPROEUME S.L., frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO seguido ante este Juzgado como PROCESO ABREVIADO número 147/2025 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que declaro contraria al Ordenamiento Jurídico, por lo que la anulo en el sentido de declarar el derecho de la recurrente al cobro de intereses de demora correspondientes a las facturas pagadas con retraso incluidos los gastos de reclamación, y, en consecuencia, debo CONDENAR Y CONDENO a la Excma. Diputación Provincial de Lugo a abonar a la mercantil GESPROEUME S.L. el importe correspondiente a los intereses de demora devengados por el retraso en el abono de las facturas SR 016/2021; SR 020/2021 y SR 023/2021, así como la cantidad fija de 40 € por cada una de ellas (en total 120 €).
Cada parte abonará las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad.
Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno Así, por esta Sentencia, lo pronuncio, mando y firmo”.

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 13 de abril de 2026 do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso-Administrativo Plaza Nº2 de Lugo na cal se sinala:

“Dictada sentencia en estas actuaciones en fecha 18/03/2026,
contra la que no cabe interponer recurso ordinario alguno, acuerdo:
- Declarar firme la sentencia dictada.
- Remitir en el plazo de DIEZ DÍAS a la Administración demandada dicha sentencia, requiriéndole para que la lleve a puro y debido efecto en el plazo fijado en la Ley y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo, debiendo en el plazo de diez días comunicar el órgano responsable de su cumplimiento.
-Cumplido lo anterior, archívense las presentes actuaciones”.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 171/176 |

artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e tendo en conta asemade, que se levou a cabo polo Servizo de Tesourería o cálculo do importe dos xuros de demora devindicados polo atraso no aboamento das facturas (252,50 €) así como a comunicación da existencia de crédito suficiente para o pago do importe correspondente aos xuros de demora devindicados polo atraso no aboamento das facturas SR 016/2021; SR 020/2021 e SR 023/2021 así como a cantidade fixa de 40 € por cada unha delas o que supón un total de 372,50 € da sentenza Nº35/2026 do PA 147/2025, comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Dar conta e cumprimento da devandita Sentenza Nº 35/2026 do PA 147/2025 do Xulgado da Plaza Nº2 da sección do Contencioso Administrativo de Lugo

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

**3º.-** O importe a abonar en concepto de pago de importe correspondente aos xuros de demora devindicados polo atraso no aboamento das facturas SR 016/2021; SR 020/2021 e SR 023/2021 así como a cantidade fixa de 40 € por cada unha delas o que supón un total de 372,50 € da sentenza Nº35/2026 do PA 147/2025, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº2 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**27.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA DO PROCEDEMENTO ABREVIADO 318/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto que no Procedemento Abreviado 0000318/2025 seguido a instancia de F.D.L. e ALLIANZ fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº 72/2026, de data 30 de abril, cuxo fallo é o seguinte:

"Que debo ESTIMAR y ESTIMO el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de ALLIANZ, S.A. Y FERNANDO DÍAZ LOSADA, frente a la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, seguido como PROCESO ABREVIADO número 318/2025 contra la resolución presunta objeto de impugnación.
Como consecuencia de lo anterior, CONDENO a la DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO a que indemnice a ALLIANZ, S.A. Y FERNANDO DÍAZ LOSADA, en la cantidad de




| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 172/176 |

606,45 euros para la aseguradora y 160 euros para el asegurado por los daños sufridos el pasado 24 de enero de 2025 en el vehículo con placas de matrícula 5447-DJG, más los intereses legales devengados desde la presentación de la reclamación previa.
Con expresa imposición de costas a la Administración demandada hasta la cifra máxima de doscientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios del Letrado de la parte demandante. "

Visto o Oficio de data 20 de 14 de maio de 2026 do citado Tribunal no que se acorda a firmeza da dita Sentenza.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida – e visto que esta Deputación Provincial ten contratado un seguro de responsabilidade civil xeral no que se indica que a franquía máxima aplicable por sinistro será de 300 euros, a indemnización á que resulta condenada esta entidade consistirá na cantidade antes indicada, correspondendo o resto á compañía aseguradora – e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención , á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº72/2026, de data 30 de abril, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no PA 0000318/2025.

**2º.-** Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

**3º.-** O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 28.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 112/2026.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 173/176 |

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"En relación co Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co PROCEDEMENTO ABREVIADO 00000112/2026 seguido a instancia de OCCIDENT GCO S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS e P.R.S. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

**2º.-** A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Xulgado.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**29.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

***1º.- Dación de conta da sentenza do procedemento LEVES 461/2022.***

Dase conta da Sentenza nº3/2023, de data 3 de xaneiro de 2023, ditada polo Xulgado de Instrución nº2 de Lugo ditada no procedemento: LEV JUICIO SOBRE DELITOS LEVES 0000461/2022 e Decreto nº 9/2026, de data 31 de marzo de 2026 Tribunal de Instancia Sección de Instrución Praza nº2 de Lugo no procedemento: EJ EJECUTORIA 0000016/2023

No procedemento: LEV JUICIO SOBRE DELITOS LEVES 0000461/2022 seguido ante o Xulgado de Instrución nº2 de Lugo por "delito Leve: Hurto (conductas varias) no que foi parte prexudicada a Deputación de Lugo o dito Xulgado ditou a Sentenza nº 3/2023, de 3 de xaneiro, que decide o seguinte:

"CONDENAR a JOSE LUIS OTERO CRUZ e a MARIA PESQUEIRA PARDIÑO , como autores criminalmente responsables cada un deles dun delito leve de furto previsto e penado no artigo 234 do Código Penal, á pena de 1 MES de MULTA cunha cota diaria de OITO euros, que fan unha pena total de 240 euros (s.e.u.o.) de multa, que deberá pagar cada un dos condenados. E cunha responsabilidade subsidiaria en caso de impago dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas impagadas que supoñen un total de 15 DIAS DE PRIVACION DE LIBERDADE, reducibles proporcionalmente en caso de incumprimento parcial;E CONDENAR aos condenados ao pago das CUSTAS do presente procedemento.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 174/176 |

Condenar aos denunciados a indemnizar á Deputación en concepto de responsabilidade civil ex delicto na suma de 135,24 €.

Facer entrega definitiva do banco substraído e entregado en depósito a resultas da causa á EXCMA DEPUTACION DE LUGO. "

Visto o Auto de data 17 de xullo de 2023 ditado polo citado Xulgado cuxa parte dispositiva é a seguinte:
"Se declara FIRME la Sentencia dictada en fecha tres de eneronueve de marzo de dos mil veintitrés en la presente causa seguida como JUICIO SOBRE DELITOS LEVES".
Visto o Decreto nº9/2026, de data 31 de marzo de 2026, ditado polo Tribunal de Instancia Sección de Instrución Praza nº2 no procedemento: EJ EJECUTORIA 0000016/2023 (execución que se inicia para cumprir o acordado na devandita Sentenza) cuxa parte dispositiva é a que segue:
"SE ACUERDA el ARCHIVO DEFINITIVO de estas diligencias, tomando nota de baja en el Libro-Registro, y comunicándolo a las partes. "

Visto, por último, a Dilixencia de Ordenación de data 11 de maio de 2026, do citado Tribunal na que se sinala o seguinte:

"Transcurrido el término legal desde la última notificación sin que ninguna de las partes haya formulado recurso alguno contra el decreto dictado en los presentes autos. Acuerdo declarar la firmeza y proceder al archivo del procedimiento. "
Visto o anterior, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

***2º.- Dación de conta da sentenza do procedemento Ordinario 7207/2023.***

Dase conta Sentenza nº 95/2026, de data 12 de marzo de 2026 ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia Sección 3 no PROCEDEMENTO ORDINARIO 7207/2023

No PROCEDEMENTO ORDINARIO 7207/2023 seguido a instancia de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. fronte ao "acuerdo del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia de 16.05.23, que desestimó el recurso especial que formuló frente al acuerdo de la Xunta de Goberno de la Diputación Provincial de Lugo de 31.03.23, que adjudicó a la sociedad mercantil "Bastet Seguridad Tecnológica, SL" el contrato de mantenimiento de los sistemas de videovigilancia, control de accesos y detección de intrusión de esa entidad provincial. " a Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia Sección 3 ditou a Sentenza nº 95/2026, de data 12 de marzo de 2026, cuxo fallo é o seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 175/176 |

"Desestimar el recurso de contencioso-administrativo interpuesto por la representante procesal de la sociedad mercantil "Segursystem Europa, SLU", contra el acuerdo del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad Autónoma de Galicia de 16.05.23, que desestimó el recurso especial que formuló frente al acuerdo de la Xunta de Goberno de la Diputación Provincial de Lugo de 31.03.23, que adjudicó a la sociedad mercantil "Bastet Seguridad Tecnológica, SL" el contrato de mantenimiento de los sistemas de videovigilancia, que confirmamos. Le imponemos a la actora el pago de las costas causadas a las adversas, hasta un máximo de 1.500,00 euros en favor de cada una de ellas. "

Visto o anterior, así como o Decreto de data 7 de maio de 2026 ditado pola citada Sala que acorda a firmeza da devandita Sentenza, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada

**30.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.

**A PRESIDENTA**

**A SECRETARIA**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Fecha y Hora | 04/06/2026 09:27:10 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76U4K5BMHD3H7MUMYFKNSAOQ | Página | 176/176 |